



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de febreiro de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día seis de febreiro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(63).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(64).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN PARA A “ADQUISICIÓN DE LICENZAS WINDOWS DE ESTACIÓNS DE TRABALLO E A ACTUALIZACIÓN-MANTEMENTO DE LICENCIAS CITRIX”. EXPTE. 9006/113.**

Visto o informe xurídico do 29/01/2020 e o informe de fiscalización do 31/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/01/2020, asinado polo xefe do servizo de Admón. Electrónica e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 04/12/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do subministro para a “ Adquisición de Licenzas Windows de estacións de traballo e a Actualización-Mantemento de Licencias Citrix”

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 04/12/2019 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 16/01/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 20/01/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/01/2020, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 28/01/2020.

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 16/01/2020 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramitase como un contrato de subministro.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Séptimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación da subministración para a “ Adquisición de Licenzas Windows de estacións de traballo e a Actualización-Mantemento de Licencias Citrix” composto por:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 04/12/2019 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 16/01/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 20/01/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/01/2020 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 28/01/2020.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **184.736,04 €**, que inclúe un IVE de **32.061,63 €** , dende o 1 de marzo de 2020 , o cal se imputará ós seguintes exercicios e partidas:

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207-2090000	13246,14 €
2020	9207-2279902	48332,54 €
2021	9207-2090000	13246,14 €
2021	9207-2279902	48332,54 €
2022	9207-2090000	13246,14 €
2022	9207-2279902	48332,54 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(65).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE AGOSTO - DECEMBRO 2019. EXPTE. 195824/301.**

Dáse conta do informe-proposta asinado polo xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: **agosto - decembro 2019**

DEPARTAMENTO: **BENESTAR SOCIAL** FUNCIONAL: **2310**

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
28/10/19	Reparación bomba aceleradora caldera	2120002	201900071469	1.179,62	CALOR Y AMBIENTE, S.L.
28/10/19	Reparación teito no CIIES	2120002	201900074524	2.601,74	ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U.
18/12/19	Reparación e adecuación do antigo CAT para uso Benestar Social	2120003	201900091736	31.944,00	MARS, S.C.G.
27/11/19	Reparación calefacción piso VIA	2130001	201900085716	1.350,36	FLORENCIO FREIRIA ARCA
26/09/19	Obradoiros xogoterapia	2260902	201900068506	792,01	VICTOR GONZALEZ ROMERO
05/11/19	Uso instalacións teatro cine Salesianos	2260902	201900076531	943,80	COLEGIO MARIA AUXILADORA SALESIANOS
12/12/19	Informes técnicos mellora vivendas	2279900	201900088330	3.267,00	ORLANDO ABILDUA CAPETILLO
23/10/19	Programa de Boa Man Nadal	2279909	201900073882	2.000,00	ALENTA ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **4(66).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE COMERCIO NOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2019. EXPTE. 7108/106.**

Dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2020, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

*“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.*”

*Quedan excptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”*

formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

1. Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Comercio nos meses de outubro, novembro e decembro de 2019.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
6694/106	CMNESR	MEGAFONÍA DA CAMPAÑA DO NADAL	SONIDO COLLAZO, S L	4310 2279901	04/10/19	13.890,80 €
6700/106	CMNESR	ACTUACIÓNS MUSICAIS POLAS RÚAS CON MOTIVO DA CAMPAÑA DO NADAL 2019-2020	AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DO CONCELLO DE VIGO	4310 2279901	08/10/19	14.980,00 €
6827/106	CMNESR	PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PECHE PERIMETRAL DO APARCAMENTO DA PORTA DO SOL	ACANOR ACABADOS DEL NOROESTE VIGO, S L	4310 2279901	31/10/19	3.018,95 €
6851/106	CMNESR	ACTUACIÓN DO CONTRATENOR JOAO PAULO FERREIRA	CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S L	4310 2279901	19/12/19	10.594,31 €
6813/106	CMNESR	ACTUACIÓN DE VARIAS CHARANGAS MUSICAIS LOCAIS	CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S L	4310 2279901	16/10/19	6.594,50 €
6780/106	CMNESR	DESFILE DE RONDALLAS	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	4310 2279901	13/12/19	4.400,00 €
6802/106	CMNESR	ACTUACIÓN BANDA DE GAITAS XARABAL	ASOCIACIÓN CULTURAL XARABAL	4310 2279901	04/10/19	800,00 €
6705/106	CMNESR	PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CANONS DE CONFETI ELÉCTRICOS E CANÓNS DE NEVE ARTIFICIAL	LEVEL APLICACIONES, S L	4310 2279901	18/11/19	16.964,20 €
6812/106	CMNESR	PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE E DESMONTE DUN DISPOSITIVO DIXITAL PARA REALIZAR A CONTA ATRÁS PARA O ACTO DE ACENDIDO DA ILUMINACIÓN DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA 2019-2020	UNION B ZAS RENTAL, S L	4310 2279901	10/10/19	8.090,06 €



## Concello de Vigo

6703/106	CMNESR	DESEÑO E IMPRESIÓN DE CARTEIS MUPIS PARA A DINAMIZACIÓN DO COMERCIO DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2019-2020	PUBLIGAL, S L	4310 2279901	05/11/19	5.382,08 €
6699/106	CMNESR	PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PAPA NOEL/CARTEIRO REAL E 2 PAXES/ELFOS NA CAMPAÑA DO NADAL 2019-2020	INVERNALIA ICE PARK, S L	4310 2279901	31/10/19	14.735,99 €
6960/106	CONTRATO PRIVADO	DINAMIZACIÓN DO COMERCIO DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2019-2020 NAS ZONAS COMERCIAIS ABERTAS	BARAFUNDA, S L	4310 2279901	19/12/19	16.262,40 €
6811/106	CONTRATO PRIVADO DE PATROCINIO	FESTA DE FIN DE ANO NA PRAZA DE AMÉRICA	AETRAVI	4310 2279901	30/10/19	17.000,00 €
6704/106	CMNESR	PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AMBULANCIA E SANITARIOS DURANTE NADAL 2019-2020	COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S L	4310 2279901	31/10/19	8.899,00 €
6707/106	CMNESR	CHOCOLATADA DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2019-2020	RODRIGO VÁZQUEZ LUIS	4310 2279901	07/11/19	18.112,49 €
6706/106	CMNESR	ORGANIZACIÓN DUN FLASHMOB NA PORTA DO SOL	JESSIKA IBÁÑEZ PARRAGA	4310 2279901	12/11/19	4.784,16 €
6693/106	CMNESR	CREACIÓN DA MARCA NADAL VIGO	PEOPLE AND BRAND S L UNIPERSONAL	4310 2279901	12/11/19	5.990,23 €
6972/106	CMNESR	CATERING ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES	DOLORES FERNÁNDEZ E HIJOS, S L	4310 2279901	18/12/19	1.320,00 €
6860/106	CMNESR	FABRICACIÓN E MONTAXE RÓTULO LOGOTIPO NADAL	CORPORACIÓN COMUNICACIONES, S L	4310 2279901	14/11/19	9.680,00 €
6852/106	CMNESR	FABRICACIÓN E MONTAXE DUN PHOTOCALL XIGANTE	XAROC INGENIERÍA DE LA JARDINERÍA Y PAISAJISMO, S L	4310 2279901	12/11/19	13.068,00 €
6855/106	CMNESR	ESPECTÁCULO CHRISTMAS RESURRETION	ALEJANDRA GORRIZ PERIS	4310 2279901	29/11/19	9.000,00 €
6881/106	CMNESR	ACTUACIÓN COMBO "THE VAGAR"	ESMUVI SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	4310 2279901	22/11/19	484,00 €
6883/106	CMNESR	ACTUACIÓN DA ORQUESTRA O FIADEIRO E PANDEIREIRAS	ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA "O FIADEIRO"	4310 2279901	21/11/19	1.000,00 €

6884/106	CMNESR	MONTAXE E DESMONTAXE NA CONTORNA DO BONECO DE NEVE	SIELVIGO, S L	4310 2279901	22/11/19	14.362,70 €
6885/106	CMNESR	DESEÑO E PRODUCCIÓN CARTELERÍA NADAL	PUBLICAL, S L	4310 2279901	20/12/19	3.027,30 €
6886/106	CMNESR	REALIZACIÓN DUNHA REPORTAXE FOTOGRÁFICA	JJLANFOCO, SAE, S L	4310 2279901	22/11/19	3.630,00 €
6887/106	CMNESR	DIFUSIÓN E INSTAGRAM DA ILUMINACIÓN E ORNAMENTACIÓN DO NADAL	CIES MEDIA COMUNICACIÓN, S L	4310 2279901	03/12/19	1.271,00 €
6892-106	CMNESR	ACTUACIÓN DO ORGANISTA DAVID MACEIRA	CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S L	4310 2279901	13/12/19	3.781,43 €
6893/106	CMNESR	SINALIZACIÓN DE ESPAZOS DA PROGRAMACIÓN DO NADAL	CORPORACIÓN DE COMUNICACIONES, S L	4310 2279901	27/11/19	771,38 €
6896/106	CMNESR	ACTUACIÓN DE RUBÉN SIMEÓ E A ORQUESTA SINFÓNICA 430 VIGO	RUBEN SIMEO INTERNACIONAL TRUMPET SOLIST, SLU	4310 2279901	03/12/19	9.000,00€
6894/106	CMNESR	REALIZACIÓN DUN VIDEO PROMOCIONAL	CARLOS ALONSO VELOSO	4310 2279901	27/11/19	4.356,00 €
6891/106	CMNESR	SERVIZOS E INFRAESTRUCTURA SON E ILUMINACIÓN PARA CONCERTOS	SOLIMUSIC EVENTS, SLU	4310 2279901	27/11/19	7.143,84 €
6862/106	CMNESR	ASISTENCIA TÉCNICA E COORDINACIÓN DA PRODUCCIÓN DOS EVENTOS DE NADAL	GUSTAVO ATANES BLANCO	4310 2279901	22/11/19	1.452,00 €
6929/106	CMNESR	ANIMACIÓNS DA RÚA DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK	GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S L	4310 2279901	19/12/19	1.210,00 €
6930/106	CMNESR	ACTUACIÓN MUSICAL GRUPO GAITAS, CANTO PERCUSIÓN E CANTO POPULAR	WENCESLAO CABEZAS DEL TORO	4310 2279901	19/12/19	847,00 €
6965/106	CMNESR	ACTUACIÓN DO COMBO DE JAZZ DE MAYEUSIS	FUNDACIÓN MAYEUSIS	4310 2279901	13/12/19	400,00 €
6933/106	CMNESR	PRODUCCIÓN DO CONCERTO DE RUBÉN SIMEÓ E A ORQUESTRA 430 VIGO	ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S L	4310 2279901	12/12/19	6.993,80 €
6974/106	CMNESR	RECOLLIDA DATOS E RESULTADO MEDIOS DE COMUNICACIÓN	ATREVIEWA COMUNICACIÓN, SLU	4310 2279901	23/12/19	4.300,00 €
6994/106	CMNESR	REALIZACIÓN FLASHMOB CANDEÁN	UNIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CANDEÁN	4310 2279901	23/12/19	450,00 €
6995/106	CMNESR	ACTUACIÓN MUSICAL NA PRAZA DA PEDRA	CATEGÓRICA PRODUCCIONS, S L	4310 2279901	23/12/19	762,30 €





## Concello de Vigo

6973/106	CMNESR	ESTUDO EN REDES SOCIAIS E IMPACTO ECONÓMICO	UNIVERSIDAD DE VIGO	4310 2270600	23/12/19	13.123,66 €
6870/106	CMNESR	DIVULGACIÓN PRENSA ESCRITA (FARO DE VIGO) NADAL 2019-2020	FARO DE VIGO, SAU	4310 2260200	21/11/19	7.214,02 €
6866/106	CMNESR	DIVULGACIÓN PRENSA ESCRITA ( LA VOZ DE GALICIA) NADAL 2019-2020	LA VOZ DE GALICIA, SA	4310 2260200	22/11/19	2.680,15 €
6871/106	CMNESR	DIVULGACIÓN PRENSA ESCRITA (ATLÁNTICO DIARIO) NADAL 2019-2020	RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓNS, SA	4310 2260200	14/11/19	4.000,01 €
7012/106	CMNESR	DIVULGACIÓN DE MEDIOS AUDIOVISUAIS NADAL 2019-2020	INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO, SLU	4310 2260200	27/12/19	16.335,00 €
6776/106	CMNESR	CONTROL E SUPERVISIÓN DOS SETS DECORATIVOS, DO BELÉN E DO POBOADO	PILOT CCS SERVICIOS CONSULTANCY, S L	4310 2270100	06/11/19	4.253,15 €
6708/106	CMNESU	ADQUISICIÓN DE Caramelos NADAL 2019-2020	HAZ CREATIVOS Y MARKETING, SLU	4310 2260900	06/11/19	7.920,00 €
6806/106	CMNESU	MATERIAL OFICINA	CARLINGAL, S L	4310 2200000	16/10/19	273,64 €
6931/106	CMNESU	INSIGNIAS E DIPLOMAS AS REPRESENTANTES COMERCIO	RAÚL ÁLVAREZ FERNÁNDEZ	4310 2260100	12/12/19	665,50 €
6972/106	CMNESU	CATERING ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES	DOLORES FERNÁNDEZ E HIJOS, S L	4310 2260100	18/12/19	1.320,00 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **5(67).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS". EXPTE. 15967/331.**

Visto o informe de fiscalización do 29/01/2020, dáse conta do informe-proposta de da Mesa de Contratación de data 28/01/2020, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas" (15.967-331)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 24 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bibliotecarios complementarios para o funcionamento da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (avenida Martínez Garrido, 31, CP 36205 Vigo).*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcóns técnicas que rexerá a citada contratación, de data 11 de outubro de 2019, redactado polo Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 17 de outubro de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.*

*4º.- Autorizar o gasto por importe total de 591.004,12 € (cincocentos noventa e un mil catro euros con doce céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 102.570,96 € € (cento dous mil cincocentos setenta euros con noventa e seis céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 3321.227.99.10 “Funcionamento Biblioteca Martínez Garrido”, según o seguinte detalle:*

2020 (3 abril-31 decembro)	2021	2022 (1 xaneiro-2 abril)
219.163,00 €	295.502,06 €	76.339,06 €

*5º.- Autorizar á mesa de contratación, de conformidade co artigo 326.5 da LCSP, a solicitar, se o estima oportuno, informes técnicos para a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, aos seguintes especialistas na materia relacionada co obxecto do contrato:*

*\* Inmaculada C. Serrano Plaza, directora Biblioteca Pública “Juan Compañel” de Vigo.*

*\* Gerardo Marraud González, director Biblioteca Universitaria-Universidade de Vigo.*

*\* Mariña Fariñas Pérez, axudante de bibliotecas da Universidade de Vigo.*

*6º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.*



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de xaneiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L.	92 puntos

*Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., o día 9 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 23 de xaneiro de 2020, dentro do prazo concedido.

Transcorrido o referido prazo, con data do 28 de xaneiro de 2020, o citado licitador presenta certificado acreditativo da solvencia técnica declarada na documentación presentada o 23 de xaneiro. Agora ben nos supostos nos que o licitador presentara a documentación no prazo sinalado pero fose incompleta ou con defectos emendables, a Xunta Consultiva de Contratación do Estado considera que o órgano de contratación deberá darlle a este licitador un prazo para emendar que sexa suficiente (Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación dalgúns preceptos d texto refundido da Lei de contratos do sector público tras a modificación desta realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización).

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 27 de decembro de 2019 e co acordo da Mesa de Contratación do 8 de xaneiro de 2020 polo que se outorgou ao único licitador presentado a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. (B-15.648.595) o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (15.967-331) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 543.858,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.388,63 euros.*
- b) Comprométese á realización de estudos de público usuario conforme ao previsto no apartado 7.B.3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) Comprométese a por a disposición do servizo 75 horas en horario diferente ao habitual, incluso en horario nocturno, sen custo para o Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada, formada pola proposición avaliable mediante xuízo de valor e a proposición avaliable a través de fórmula”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **6(68).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA CONCELLARÍA DE DEPORTES NOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2019. EXPTE. 19459/333.**

Dáse conta do informe-proposta de data 30/01/20, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da base 31 das de execución do orzamento en vigor, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de outubro, novembro e decembro do ano 2019, que se relacionan deseguido:

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA-RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA-TE CONTRATO	IMPORTE
19300-333	Servizo de xestión de inscricións e uso de plataforma de inscrición para os participantes na carreira San Silvestre 2019 Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 91697	AGRUPACION DEPORTIVA VIGO SE MUEVE (G36689826)	11/12/19	31/12/19	2.500,00 €
19304-333	SERVIZO DE SINALIZACIÓN E BALIZAMENTO CARREIRA SAN SILVESTRE Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 95732	AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO SE MUEVE (G36689826)	13/12/19	31/12/19	500,00 €
19233-333	Servizo de produción de 10 videos sobre deportes do Concello de Vigo: eventos deportivos, deporte base, deporte feminino e deporte discapacidade Partida: 3410-2279900 Doc. ADM: 86988	Alberto Miras Turnes (44843115S)	28/11/19	30/11/19	3.847,80 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA- RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA- TE CONTRATO	IMPORTE
19199-333	Subministro de material promocional co logo do Concello de Vigo para VII TORNEO NADAL DE FUTBOL CONCELLO DE VIGO 2019 Partida: 3410-2260903 Doc. ADM: 79641	ALFICO,SA (A36614378)	12/11/19	30/11/19	762,30 €
19320-333	SERVIZO PARA REALIZACIÓN CATERING CONCELLERÍA DEPORTES PARTIDA: 3410-2260100 Doc. ADM: 97840	ALMA ECOCULTURA E PATRIMONIO, SL (B27771260)	26/12/19	30/12/19	64,35 €
19321-333	SUBMINISTRO DE 500 GORROS DE SILICONA SERIGRAFIADOS PARTIDA: 3410-2260100 Doc. ADM: 97839	ANA PALLARÉS PEREIRA (36156233A)	26/12/19	30/12/19	1.800,00 €
19212-333	Servizo de coordinacion da organizacion do Torneo de Nadal do Concello de Vigo de futbol 8 e 11 nos campos de fútbol municipais PARTIDA: 3410-2260901 Doc. ADM: 85705	Asociacion de Fútbol Aficionado de Vigo- AFAVI (G36998227)	18/11/19	31/12/19	12.000,00 €
3223-611	Subministro e colocacion de rede de proteccion na zona de lanzamento de martelo das pistas municipais de atletismo de Balaidos PARTIDA: 3420-2100003 Doc. ADM: 73953	BAYGAR SL (B12019659)	24/10/19	30/11/19	4.929,24 €



## Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA- RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA- TE CONTRATO	IMPORTE
3272-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN DE LABORES DE COORDINACIÓN DOS DEPORTES DE EQUIPO INCLUÍDOS NO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS Partida: 3420-2260901 Doc. ADM: 83426	BELARMINO ALONSO COSTAS (36028618S)	19/11/19	31/12/19	2.343,90 €
3309-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA Partida: 3420-2200000 Doc. ADM: 87347	BERNARDO GARCÍA MONTOTO (36060727Q)	28/11/19	30/12/19	538,99 €
3421-611	SERVIZO DE LIMPEZA, DESTASCO E INSPECCIÓN DE COLECTORES NO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA Partida: 3420-2270001 Doc. ADM: 97829	CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICA S, SL (B94057536)	23/12/19	30/12/19	2.541,00 €
19198-333	Subministro de agasallo protocolario conmemorativo 75 aniversario club Peña Trevinca Partida: 3420-2260901 Doc. ADM: 83426	Carlos Fernandez Pol (36045005A)			50,00 €
19100-333	Subministro de agasallo protocolario conmemorativo 30 aniversario CCTraviesas Partida:3410-2260100-Doc. ADM: 76935	Carlos Fernandez Pol (36045005A)	30/10/19	30/11/19	50,00 €
19213-333	Servizo de speaker e animacion na carreira San Silvestre 2019 Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 87134	CARLOS TRESANDI DEL PRADO (36099691H)	28/11/19	31/12/19	171,23 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA- RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA- TE CONTRATO	IMPORTE
19227-333	Servizo de cobertura sanitaria para a carreira San Silvestre 2019 Partida: 3410-2269901 Doc. ADM: 85824	COEXAM (B10373546)	25/11/19	31/12/19	1.290,00 €
3230-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DUNHA ENTRADA DE AUGA NA CONSERXERÍA DO PAVILLÓN DE CASTRELOS Partida: 3420-2120000 Doc. ADM: 71293	CONSTRUCCIO NES O PAZO MUIÑOS, SL	09/10/19	20/11/19	1.312,85 €
3300-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DE GOTEIRAS E LIMPEZA DE CANALÓNS NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE LAVADORES Partida: 3420-2120000 Doc. ADM: 85409	CONSTRUCCIO NES O PAZO MUIÑOS, SL (B36991164)	21/11/19	20/12/19	580,80 €
19200-333	Servizo de deseño integral e decoracion mediante vinilo do pavillon municipal de Romil Partida: 3410-2279900 Doc. ADM: 79642	ECOVIGOPUBLI CIDAD,SL (B36614808)	12/11/19	30/11/19	14.517,28 €
19249-333	Subministro de agasallos promocionais para a Festa do ludo infantil-Concello de Vigo Partida: 3410-2260100 Doc. ADM: 86883	EDICIONES Y PRODUCCIONE S EMPRESARIALES, SAU (A36751287)	28/11/19	30/12/19	7.967,85 €
3268-611	SERVIZO DE REP. ELÉCTRICAS NO ALUMEADO DOS C.F. DE SAMPAIO, MONTE DA MINA E COMESAÑA Partida: 3420-2130002 Doc. ADM: 81400	ELECTRICIDAD REMESEIRO, SL (B36624815)	06/11/19	20/12/19	5.331,82 €





## Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA-RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA-TE CONTRATO	IMPORTE
3290-611	SERVIZO DE REVISIÓN DOS SEIS DESFIBRILADORES SITUADOS NOS CENTROS DEPORTIVOS DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Partida: 3420-2190000 Doc. ADM: 85365	ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, SL (B45779006)	21/11/19	30/12/19	423,50 €
19277-333	Servizo de voluntarios para coordinacion da organizacion da carreira San Silvestre 19 Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 91687	FPR EL OLIVO (G36704666)	04/12/19	31/12/19	2.000,00 €
3269-611	SERVIZO DE TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS (CASCALLOS, LIXO, CHATARRA E MADEIRA) NO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CARME Partida: 3420-2279915 Doc. ADM: 78511	GONZÁLEZ COUCEIRO, SLU (B36179299)	06/11/19	30/12/19	1.980,00 €
3250-611	SERVIZO DE TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS VEXETAIS XERADOS NO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CARME Partida: 3420-2279915 Doc. ADM: 74449	GONZÁLEZ COUCEIRO, SLU (B36179299)	21/10/19	30/11/19	440,00 €
19319-333	SERVIZO DE PIROTECNIA (FOGO FRÍO) PARA A SAÍDA DA CARREIRA SAN SILVESTRE 2019 Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 97973	ISAAC MARTÍNEZ MOURE (76933006F)	26/12/19	31/12/19	484,00 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA- RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA- TE CONTRATO	IMPORTE
3253-611	Subministro de material de oficina non inventariable, subministro de follas de control de instalación Partida: 3420-2200000 Doc. ADM: 74930	José Angel Suárez Martínez (36074727D)	22/10/19	30/11/19	778,03 €
19226-333	SUBMINISTRO DE DORSAIS PARA EVENTOS DEPORTIVOS Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 84769	José Ángel Suárez Martínez (36074727D)	25/11/19	30/12/19	550,55 €
18948-333	Subministro dorsais para a carreira programa municipal cross escolar AD Castro-San Miguel Partida: 3410-2269901 Doc. ADM: 71343	José Ramon Ocampo Perez (36127332J)	11/10/19	30/10/19	726,00 €
19127-333	Subministro de lonas impresas co logo do Concello de Vigo Partida: 3410-2279900 Doc. ADM: 77007	Luis Alberto Mosquera Marcos (78739710S)	31/10/19	30/11/19	1.089,00 €
3384-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CARPINTERÍA PARA A REALIZACIÓN DE ARRANXOS NECESARIOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Partida: 3420-2120000 Doc. ADM: 91699	MADERAS DEL NOROESTE DE ESPAÑA, SL (B36616548)	11/12/19	30/12/19	1.430,30 €



## Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA- RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA- TE CONTRATO	IMPORTE
3265-611	SERVIZOS DE REPARACIÓNS NOS SISTEMAS CONTRAINCENDIOS DOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS DE NAVIA, BOUZAS, ETEA, CANDEÁN, BALAÍDOS, COIA, BEMBRIVE, BERBÉS E VALADARES E NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DO MEIXOEIRO, BOUZAS E A BOUZA Partida: 3420-2190000 Doc. ADM: 77309	MADINFOR GLOBAL, SL (B27721687)	06/11/19	30/12/19	3.959,04 €
3225-611	Subministro de pancarta impresa co logo do Concello de Vigo Partida: 3410-2269901 Doc. ADM: 71190	MANUFACTURAS POLITENO SL (B08863532)	07/10/19	30/11/19	2.541,00 €
3385-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DOS ASCENSORES SITUADOS NOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS DE CORUXO, MONTE DA MINA, AS TRAVESAS, VALADARES E NAVIA Partida: 3420-2130000 Doc. ADM: 91700	ORONA, S. COOP (F20025318)	11/12/19	30/12/19	98,72 €
3231-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DO ASCENSOR SITUADO NO PAVILLÓN DE CANDEÁN Partida: 3420-2130000 Doc. ADM: 71292	ORONA, S.COOP (F20025318)	9/10/19	20/11/19	631,78 €
19202-333	Subministro de camisetas para a Liga Linco BC-Concello de Vigo Partida: 3410-2260903 Doc. ADM: 83047	PERSONALIZA TU MARCA SERVICIOS DE MARKETING,SL (B27829522)	13/11/19	30/12/19	2.223,37 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
18986-333	Servizo de elaboración elementos rotulados coa imaxe corporativa do Concello de Vigo para o Pavillon Municipal de Travesas Partida: 3410-2279900 Doc. ADM: 75868	PIXERALIA SC (J94137361)	25/10/19	30/11/19	3.459,51 €
19309-333	SUBMINISTRO DE CAMISETAS, MOCHILAS E SUDADEIRAS SERIGRAFIADAS Partida: 3410-2260100 Doc. ADM: 95549	PMAS FULL SPORT, SL (B27827849)	18/12/19	28/12/19	7.170,46 €
19210-333	Subministro de bandeiras do Concello de Vigo para os clubs deportivos e eventos deportivos Partida: 3410-2269901 Doc. ADM: 86991	PMAS FULL SPORT, SL (B27827849)	28/11/19	30/12/19	847,00 €
3249-611	SERVIZO DE DESBROCE E RETIRADA DE BROZA NO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL Partida: 3420-2100001 Doc. ADM: 75913	RAÍCES DE GALICIA, SL (B36752996)	22/10/19	30/11/19	1.776,28 €
19250-333	Servizo de publicación do calendario de eventos deportivos en Vigo a través da axenda deportiva en Atlántico Diario Partida: 3410-2260200 Doc. ADM: 86931	RIAS BAIXAS COMUNICACION SA (A36643674)	28/11/19	30/12/19	10.000,00 €



## Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA- RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA- TE CONTRATO	IMPORTE
19338-333	SERVIZO DE IMPRESIÓN DE IMAXE MUPI CIRCUÍTO RUN RUN VIGO E DESEÑO DE CARTAZ E ADAPTACIÓN DE CAMPAÑA A PANTALLA CIRCULAR PARA PROMOCIÓN DOS XOGOS DEPORTIVOS DE REIS-Partida: 3410-2260200 Doc. ADM: 98024	RP3 VIGO, SL (B36803468)	27/12/19	30/12/19	2.492,60 €
19317-333	SUBMINISTRO DUNHA LONA DE 2 X 1.20 M PARA TORNEO DE FÚTBOL SALA NADAL 2019 Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 97901	RP3 VIGO, SL (B36803468)	26/12/19	30/12/19	90,75 €
19216-333	Servizo de deseño de cartaz e adaptación de campaña á pantalla circular do evento deportivo "FÚTBOL DE NADAL 2019" Partida: 3410-2279900 Doc. ADM: 83408	RP3 VIGO, SL (B36803468)	19/11/19	30/12/19	532,40 €
19214-333	Subministro de fly banner bandeira e cinta de balizaxe co logo do concello de Vigo para eventos deportivos Partida: 3410-2269901 Doc. ADM: 83407	RP3 VIGO, SL (B36803468)	15/11/19	30/12/19	7.792,40 €
19270-333	Servizo de deseño cartaz, lonas, dorsais, vinilos.. para carreira San Silvestre 2019 Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 87555	RP3 VIGO,SL (B36803468)	29/11/19	31/12/19	5.193,74 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA- RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMA- TE CONTRATO	IMPORTE
18983-333	Servizo de plantón no auditorio de Castrelos para a carreira programa municipal cross escolar AD Castro- San Miguel Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 75356	SACAFERRO,S L (B27704980)	24/10/19	30/11/19	326,78 €
3308-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DE PROXECTORES NAS PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS Partida: 3420-2130002 Doc. ADM: 86990	SIELVIGO, SL (B36823227)	28/11/19	30/12/19	3.436,40 €
19251-333	Servizo redes sociais, fotografías, memorias para carreira solidaria San Silvestre 2019 Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 88039	Silvia Perez Bugallo- Difusión (44088318D)	29/11/19	31/12/19	1.897,28 €
19203-333	Servizos de traslado, montaxe e desmontaxe dos sistemas megafonia para a carreira San Silvestre 2019 Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 83003	SONIDO COLLAZO SL (B36932689)	13/11/19	31/12/19	1.694,00 €
3420-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DUN MARCADOR ELECTRÓNICO NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BOUZAS Partida: 3420-2130000 Doc. ADM: 97828	STEREO, SLU (B36603793)	23/12/19	30/12/19	514,25 E



## Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATA-RIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
3215-611	Servizos de colocacion dunha persiana metalica no pavillón municipal do Berbes e reparación de peche perimetral e protección zona martillo nas pistas municipais de atletismo de Balaidos  Partidas: 3420-2120000/3420-2100003 Doc. ADM: 73901-73904	Talleres la Florida de San Andres, SL (B36688760)	18/10/19	30/11/19	17.061,00 €
19271-333	Servizo de xestion, coordinacion e varios para carreira solidaria San Silvestre 2019  Partida: 3410-2260901 Doc. ADM: 87599	Team Relay, SL (B36963601)	29/11/19	31/12/19	2.438,15 €
3301-611	SERVIZO DE LIMPEZA DE FOSA SÉPTICA NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO MEIXOEIRO  Partida: 3420-2270001 Doc. ADM: 86103	TRAINASA TRATAMIENTO INDUSTRIAL DE AGUAS, SA (A28525723)	28/11/19	30/11/19	384,00 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **7(69).-PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA AS LIQUIDACIÓNS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR SOBRE O RÉXIME DE COFINANCIAMENTO PARA AS ESCOLAS INFANTÍS XESTIONADAS A TRAVÉS DO REFERIDO CONSORCIO. EXPTEs. 24065-24066/332.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/01/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

**I.- 1ª liquidación de 2017:** En data 5 de outubro de 2017 foi notificada no rexistro Xeral do Concello de Vigo resolución do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de 29.09.2017 de aprobación da 1ª liquidación de 2017, referida ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Doc. 170136820). Con esta resolución achéganse dúas liquidacións:

- Liquidación núm. 395-2017 (39 prazas x750 €/praza) referida a Escola Infantil da rúa Palencia, por importe de 29.250,00 €
- Liquidación núm. 396-2017 (98 prazas x750 €/praza) referida a Escola Infantil de Valadares por importe de 73.500,00 €.

Nesta resolución indicase que esta primeira liquidación de 2017 corresponde á primeira metade do curso escolar 2016/17.

**II.-**O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar remite estas liquidacións fundamentándoas no réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. (DOG núm 28, do 9 de febreiro de 2017) :

*“Un. O sistema de cofinanciamento dos servizos que se presten nas escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou entidade que se subroga nos seus dereitos e obrigas establecidos nos instrumentos de colaboración cos concellos e mancomunidades con fundamento nas competencias que sobre esta materia teñen atribuídas pola normativa vixente as entidades locais, rexerese polo disposto nos apartados seguintes deste artigo, coa finalidade de garantir a sustentabilidade financeira dos servizos que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en colaboración cos concellos e mancomunidades, e de homoxeneizar as súas condicións en garantía da seguridade xurídica. Todo en consonancia co acordo marco asinado pola Consellería de Política Social coa Federación Galega de Municipios e Provincias.*

*Dous. As cantidades que corresponda aboar ás entidades locais derivadas do réxime de cofinanciamento previsto neste artigo terán a consideración de débedas firmes, líquidas e exhibibles, e poderán ser obxecto de compensación coa participación daquelas no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.*

*Cando o obrigado ao pagamento for unha mancomunidade de municipios,(...).*

*Tres. Para establecer a participación dos concellos e mancomunidades no cofinanciamento das escolas infantís e dos centros de día aplicarase o disposto no anexo I desta lei, cuxas condicións serán aplicables con efectos do 1 de xaneiro de 2017.*

*Catro. O Consorcio ou ente que o substitúa expedirá semestralmente as liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, nas que se indique o número de usuarios e as cantidades aplicables de acordo co establecido no anexo I desta lei. As entidades locais deberán aboalas no prazo de tres meses. Nos casos de discrepancia na contía, se non se acada acordo na comisión de seguimento establecida nos convenios formalizados no seu día, o Consorcio ou ente que o substitúa ditará resolución motivada e fi-*





## Concello de Vigo

*xará a contía, sen prexuízo de que a entidade local poida recorrer na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.*

*Cinco. O réxime de cofinanciamento previsto nesta disposición e no anexo I será aplicable aos convenios xa subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable ás entidades locais que non teñan convenio asinado pero respecto das cales o Consorcio asumise ou asuma a xestión dos centros localizados no territorio dos ditos concellos. En ambos os casos será aplicable unha vez que transcorra o prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local no que se opte polo mantemento do réxime xurídico e de cofinanciamento que derive do convenio no seu día formalizado. Neste último caso, o Consorcio procederá á exigencia, polas vías legais procedentes, das cantidades íntegras pendentes de pagamento segundo o réxime que derive do correspondente convenio, sen prexuízo do seu dereito a resolver o convenio por incumprimento.*

*Seis. As entidades locais que se acollan ao réxime de cofinanciamento establecido no presente artigo para a xestión das escolas infantís e dos centros de día a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa poderán acollerse a unha nova liquidación das cantidades pendentes de pagamento, de acordo cos novos criterios económicos fixados nesta lei, aplicados con carácter retroactivo aos anos anteriores.*

*Sete. Para os anteriores efectos, o Consorcio ou ente que o substitúa revisará no prazo dun ano desde a aprobación desta lei todas as liquidacións correspondentes aos anos anteriores practicadas e que foron remitidas aos concellos.*

*Oito. Ás entidades locais que opten por esta fórmula, unha vez aprobadas as novas liquidacións, aplicaráselles unha bonificación equivalente á metade da cantidade resultante. Co pagamento da citada cantidade daranse por cumpridas as obrigas pendentes co Consorcio.*

*Establecerase un prazo de fraccionamento para o pagamento desas novas liquidacións de cinco anos, a solicitude do concello, que podería ampliarse naqueles supostos excepcionais en que a situación económica do concello o requira por estar inmerso nun plan de axuste. En todo caso, a aqueles concellos que xa aboaron total ou parcialmente as liquidacións de anos anteriores compensaráselles nas liquidacións futuras os saldos que resulten de aplicación de acordo con esas revisións. “*

**III.-** a Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de novembro de 2017 acordou interpoñer de acordo co disposto no Art. 44 da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, requirimento de anulación ou revogación con carácter previo á interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 29.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación ano 2017 – Curso escolar 2016-17” Réxime de cofinanciamento para as escolas infantís de Vigo, Rúa Palencia por importe de 29.250,00 € e Valadares por importe de 73.500,00 €, xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 395/2017, e 396/2017] e, que na súa virtude, se dite outra pola que

se deixen sen efecto as liquidacións aprobadas e a esixencia de pagamento contida naquela Resolución, que deberá entenderse suspendida en tanto non se dea resposta ó presente requirimento.

Dito requirimento foi presentado en data 30 de novembro de 2017, sen que ata a data recaera resolución.

**IV.-** Non obstante a interposición do indicado requirimento, a fin de evitar maiores prexuízos económicos á administración municipal derivados dun eventual incremento das contías polos xuros e recargos que se puidesen devengar, por resolución de 03-01-2018 foi autorizado o gasto e ordenado o pagamento das referidas liquidacións, (1ª liquidación 2017, referida a Escola Infantil da Rúa Palencia e Escola Infantil Valadares, por importes de 29.250,00€ e 73.500,00€ respectivamente).

**V.- 2ª liquidación 2017:** En data 10 de decembro de 2019 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro num.190195059) ao que se acompañan dúas liquidacións provisionais referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 2ª Liquidación provisional núm. 756-2017, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (40 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.000,00 €.

- 2ª Liquidación provisional núm. 757-2017, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponde á metade da contía anual, curso escolar 2016/17.

**VI.- 1ª liquidación 2018:** En data 13 de decembro de 2019 tivo entrada no Concello de Vigo escrito asinado polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (doc. Rexistro num.190198255) ao que se acompañan dúas liquidacións provisionais referidas ao réxime de cofinanciamento para as escolas infantís e centros de día xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

As liquidacións son as seguintes :

- 1ª Liquidación provisional núm. 203-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (99 prazas x 750 €/praza) por importe de 74.250,00 €.

- 1ª Liquidación provisional núm. 202-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (36 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.000,00 €.

Nestas liquidacións indicase que corresponde á metade da contía anual, curso escolar 2017/18.

**VII.-** Respecto destas catro liquidacións (2ª liquidación 2017 e 1ª liquidacións 2018) por resolucións de 27-12-2019 foi autorizado o gasto e ordenado o pagamento das mesmas polos importes sinalados nos antecedentes V e VI.

Nestas resolucións, ao igual que o indicado sobre o pagamento da 1ª liquidación 2017, de novo ponse de manifesto o desacordo municipal con este réxime de cofinanciación, e a indicación de que o pagamento destas liquidacións non presupón a conformidade coas mesmas.

**VIII.-** O consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segue a remitir liquidacións en base ao réxime de cofinanciamento para escolas infantís tendo entrada no mes de



## Concello de Vigo

decembro de 2019 a 2ª liquidación 2018 (doc. 190198260), a 1ª liquidación 2019 (doc. 190203675) e a 2ª liquidación 2019 (doc. 190203677)

### CONSIDERACIONES JURIDICAS

**1.-** En primeiro lugar compre ter en conta a o establecido na Disposición adicional novena da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL). *“Convenios sobre exercicio de competencias y servicios municipales.*

*1. Los convenios, acuerdos y demás instrumentos de cooperación ya suscritos, en el momento de la entrada en vigor de esta Ley, por el Estado y las Comunidades Autónomas con toda clase de Entidades Locales, que lleven aparejada cualquier tipo de financiación destinada a sufragar el ejercicio por parte de éstas últimas de competencias delegadas o competencias distintas a las enumeradas en los artículos 25 y 27 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, deberán adaptarse a lo previsto en esta Ley a 31 de diciembre de 2014. Transcurrido este plazo sin haberse adaptado quedarán sin efecto.”*

Como consecuencia desta disposición o convenio para a xestión da Galaescola da rúa Palencia asinado 16 de xuño de 2008 quedou sen efecto ao non ter sido adaptado no prazo legalmente establecido.

**2.-**As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), conforme a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece como competencia propia:

*“n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”*

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

*“ ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.*

*o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”*

**3.-**Tras a modificación do esquema competencial pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a única competencia propia dos municipios en materia educativa é a prevista no citado artigo 25.2 n da Lei 7/1985, do 2 de abril. A supresión do artigo 28 da LRBRL conleva que os municipios non poden exercer actividades complementarias en materia de educación.

**4.-**Non obstante, os concellos poderán seguir seguir prestando competencias distintas das propias que xa viñan prestando, si con isto non se pon en risco a sustentabilidade financeira

do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. Para estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón da materia, no que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias. Todo isto de conformidade co establecido no artigo 7.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local: *“Las Entidades Locales solo podrán ejercer competencias distintas de las propias y de las atribuidas por delegación cuando no se ponga en riesgo la sostenibilidad financiera del conjunto de la Hacienda municipal, de acuerdo con los requirimentos de la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera y no se incurra en un supuesto de ejecución simultánea del mismo servicio público con otra Administración Pública. A estos efectos, serán necesarios y vinculantes los informes previos de la Administración competente por razón de materia, en el que se señale la inexistencia de duplicidades, y de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera sobre la sostenibilidad financiera de las nuevas competencias.*

*En todo caso, el ejercicio de estas competencias deberá realizarse en los términos previstos en la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas.”*

**5.-**Por outro lado, o artigo 27 da LRBRL contempla unha serie de competencias que poden ser obxecto de delegación, entre elas, a creación, mantemento e xestión das escolas infantís de educación de titularidade pública de primeiro ciclo de educación infantil (art 27.3 e). Delegación que deberá de ir acompañada da correspondente financiación.

**6.-**A Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, na súa disposición adicional cuarta establece que as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiación autonómica e das facendas locais previsto nela.

**7.-**Como xa se indicou, a Lei galega 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación dispón no citado artigo 69, apartado cinco, que o réxime de cofinanciación será aplicable aos convenios subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable as entidades locais que non teñan convenio firmado pero respecto das cales o Consorcio teña asumido ou asuma a xestión dos centros ubicados no territorio de ditos concellos.

Compre sinalar que o Concello de Vigo xa asume o custo da xestión de oito escolas infantís. No seguinte cadro se indican os custes dos contratos de xestión das escolas municipais:

Escola	Importe anual
EIM Atalaia-Teis	175.989,00
EIM Sta. Cristina-Lavadores	186.900,00
EIM Costeira-Saiáns	186.900,00



## Concello de Vigo

EIM Sta. Marta-Casco Vello	186.900,00
EIM Tomás Alonso	249.405,59
EIM Bouzas	246.405,59
EIM Mestres Goldar-Castrelos	166.260,00
EIM Navia	166.260,00

Das escolas relacionada as escolas EIM Mestres Goldar-Castrelos e EIM Navia foron creadas despois das modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sustentabilidade da Administración Local, polo que se solicitou á Xunta de Galicia autorización para o inicio das actividades das novas escolas infantís, remitindo o Concello informe da Intervención municipal sobre a sustentabilidade financeira da nova actividade.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dictou sendas resolucións, ambas do 4 de marzo de 2016, polas que se concede autorización para a creación e para o inicio de actividades das indicadas escolas infantís.

A prestación polo Concello de Vigo do servizo de escolas infantís (0-3 anos) mediante as oito escolas que conforman a Rede Municipal de Escolas Infantís, supón un importante esforzo económico polo que, atendendo ao réxime de competencias legalmente establecido e aos principios de equilibrio orzamentario e sustentabilidade financeira, non parece que a administración autonómica poida esixir, a maiores, o financiamento de servizos competencia da propia administración autonómica .

**8.-** Así as cousas e tendo en conta a anterior fundamentación xurídica, o réxime de cofinanciamento establecido polo artigo 69 da Lei Galega 2/2017 é contrario á Constitución e contravén a Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas (LOFCA) que non prevé coma fonte de financiamento das CC.AA a detracción de ingresos das entidades locais. A actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar estimase contraria aos principios de estabilidade orzamentaria, principio de sustentabilidade financeira, principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a regra de gasto, todos eles recollidos nos artigos 3, 4, 7 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

**9.-** Tendo en conta a interposición do requirimento de anulación ou revogación con carácter previo a interposición de recurso contencioso-administrativo, e vista a fundamentación recollida no mesmo, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar non debería continuar remitindo estas liquidacións en tanto non resolva sobre a anulación ou revogación das primeiras liquidacións, dado que de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todo os procedementos.

É competente para acordar a interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, de acordo co previsto no artigo 127.1.i) da LRBRL (L.7/1985) e no apartado primeiro punto 1.3 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18- 06-2019 de delegación de competencias do

Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que corresponde a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

En base ao exposto, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra as liquidacións que se identifican a seguir, reclamando a devolución das cantidades pagadas:

- Liquidacións provisionais núm. 756-2017, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (40 prazas x 750 €/praza) por importe de 30.000,00 €, e liquidación núm. 757-2017, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (97 prazas x 750 €/praza) por importe de 72.750,00 €. Ambas referidas ao que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar denomina 2ª liquidación 2017 (doc. Rexistro num.190195059).

- Liquidacións provisional núm. 203-2018, cofinanciamento da Escola Infantil de Valadares (99 prazas x 750 €/praza) por importe de 74.250,00 €, liquidación provisional núm. 202-2018, cofinanciamento da Escola Infantil da rúa Palencia (36 prazas x 750 €/praza) por importe de 27.000,00 €. Ambas referidas ao que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar denomina 1ª liquidación 2018 (doc. Rexistro num.190198255 ).

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(70).-CONCESIÓN E DENEGACIÓN DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO EXTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS (EOI) 2020. EXPTE. 23807/332.**

Visto o informe de fiscalización do 31/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/01/2020, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 7 de novembro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*1.Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no Estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o ano 2020.*

*2.Aprobar a autorización de gasto de 175.000.-€ con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” do ano 2020, para a cobertura das 100 bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2020, quedando esta contía de 175.000.-€ supeditada á disponibilidad de crédito axeitado e suficiente no exercizo orzamentario futuro de 2020.*



## Concello de Vigo

Incorpóranse ao presente expediente contido das dúas actas de resolución provisional de baremación en xuntanzas mantidas pola Comisión de Valoración celebradas en datas do 17 de decembro de 2019 e 13 de xaneiro de 2020, coa finalidade de emitir unha proposta de resolución para a adxudicación das bolsas “Concello de Vigo” aos posibles bolseiros/as, consonte co punto décimo primeiro “Concesión e resolución das axudas” das Bases e Convocatoria específica das Bolsas “Concello de Vigo” para a participación en estadías lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2020.

En data 27/01/2020 preséntase polo rexistro electrónico do Concello co código de solicitude W413062-6407 e nº de doc. 200012890 acreditación documental da renuncia expresa por motivos de índole persoal do idioma chinés do alumno solicitante inicialmente proposto para adquirir a condición de beneficiario, D. Andrés Gil Rodríguez (DNI 3615\*\*\*\* e expte. CH-001) cunha dotación inicial de subvención municipal para ese idioma de 2.000.-€.

Polo tanto o citado alumno pasa a incorporarse á lista definitiva de solicitudes excluídas de chinés polo motivo anteriormente exposto, e esta vacante xerada propicia a incorporación á lista de beneficiarios/as de xaponés coa subvención municipal de 2.000.-€ de Ana Míguez Comesaña (DNI \*\*\*\*5948 e expte. XA-011)

Coa aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto noveno da referida convocatoria, e facendo constar que da información que obra no seu poder despréndese que os/as bolseiros/as propostos/as cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás bolsas, elabórase proposta de adxudicación e resolución das bolsas “Concello de Vigo” ano 2020 para alumnado da EOIV, e sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar as 98 bolsas “Concello de Vigo” ao seguinte alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosados nos idiomas de inglés (56 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, francés (4 bolsas) coa asignación económica individual de 2.000.-€, alemán (12 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, italiano (7 bolsas) coa asignación económica individual de 1.700.-€, portugués (4 bolsas) coa asignación económica individual de 1.600.-€, xaponés (13 bolsas) coa asignación económica individual de 2.000.-€, xaponés (1 bolsa) coa asignación económica individual de 1.700.-€ e chinés (1 bolsa) coa asignación económica individual de 2.000.-€ .

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 56 BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS (1700.-€)**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
IN_004	Alvarez Rodriguez	Iago	****3488	11,50
IN_027	Manzano Perez	Alejandra	****4051	11,00
IN_058	Cabaleiro Casas	Miguel	****9264	10,75
IN_006	Fernandez Costas	Estefania	3948****	10,00
IN_055	Ramirez Iglesias	Ana	5319****	9,75
IN_005	Gonzalez Pereira	Antia	3271****	9,25
IN_033	Couñago Iglesias	Juan Ricardo	****9575	9,25
IN_053	Fernandez Celix	Raquel	****5589	9,25
IN_015	Rodriguez Perez	Andreia Maria	****0178	9,25

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
IN_031	Fernandez Aparicio	Elvira	3602****	9,25
IN_065	Bello Modia	Ines	5423****	9,25
IN_032	Gomez Veiga	Jennifer-Matilde	3948****	9,00
IN_010	Vilas Iglesias	Ana Maria	****7976	9,00
IN_042	Feijoo Rodriguez	Marina	****6572	9,00
IN_008	Mini Torres	Teresita de Jesus	****6991	9,00
IN_014	Garcia Fernandez	Maria Jose	****3393	9,00
IN_046	Cacabelos Reyes	Jesus	****1404	9,00
IN_062	Pintos Rodriguez	Elena	5318****	8,75
IN_017	Pazo Vila	Juan	3949****	8,50
IN_040	Alvarez Davila	Laura	5381****	8,50
IN_026	Mallo Garcia	Joaquina	7681****	8,50
IN_048	Laso Duran	Ana Maria	3604****	8,50
IN_036	Fernandez Vila	Ana Gloria	****0679	8,25
IN_034	Araujo Comesaña	Oscar	****6759	8,25
IN_018	Fernandez Gallego	Patricia	****7275	8,25
IN_009	Iglesias Cruz	Patricia	****3995	8,25
IN_019	Figueirido Fernandez	Rebeca	****7742	8,00
IN_028	Gomez Gomez	Yara	3945****	8,00
IN_045	Gonzalez Abalde	Kelly	5382****	8,00
IN_012	Correa Marquez	Rosa Maria	3609****	8,00
IN_052	Romero Bandeira	Patricia	3608****	8,00
IN_003	Rodriguez Moreira	Roberto	3603****	8,00
IN_051	Garcia Vazquez	Aurea Isabel	****3577	7,75
IN_038	Collazo Lopez	Paula	****6635	7,75
IN_013	Rodriguez Hernandez	Agustin	****7647	7,75
IN_007	Rodriguez Caldas	Cristina	****6792	7,75
IN_024	Ferreira Rodriguez	Ana Maria	****6372	7,75
IN_029	Prado Camargo	Ariel	****0243	7,50
IN_056	Blanco Fernandez	Maria Jose	****0491	7,50
IN_023	Jacome Varela	Leonor	3529****	7,50
IN_021	Gesteira Peña	Consuelo	7689****	7,50
IN_054	Frade Sanchez	Maria Dolores	3326****	7,25
IN_039	Sendin Lama	Noelia	3946****	7,00
IN_064	Dominguez Rabadan	Alejandra	5382****	7,00
IN_041	Herguedas Pedroso	Maria Henar	****4007	7,00
IN_016	Guede Pan	Susana	****8614	7,00
IN_049	Touron Besada	Yolanda	****0406	7,00
IN_050	Vila Riveiro	Jose Manuel	****8497	7,00
IN_047	Otero Piñeiro	Marco Bruno	****4525	6,50
IN_030	Lago Vilaboa	Soraya	5317****	6,50
IN_035	Fernandez Brañas	Maria Montserrat	3606****	6,50
IN_061	Garrido Fernandez	Oscar	1549****	6,25
IN_037	Villar Fernandez	David	3612****	6,00
IN_011	Dobarro Correa	Julia	****3848	6,00
IN_044	Romero Vazquez	Maria Mercedes	****3094	5,50
IN_043	Fernandez Pereira	Angel	****4286	5,50





## Concello de Vigo

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 4 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (2000.-€)**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
FR_005	Prieto Prieto	Eva	****2094	9,25
FR_006	Cortes Roman	Laura	****0120	8,50
FR_004	Arellano Pardo	Maria	4449****	8,50
FR_001	Diez Sarabia	Aida Maria	3946****	7,25

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 12 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ALEMÁN (1700.-€)**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
AL_004	Radziunas Salinas	Yago	****0240	11,50
AL_009	Miguez Lopez	Maria Cristina	****4647	10,25
AL_002	Davis	Daniel James	****9241	9,50
AL_007	Martin Fragueiro	Maria Cristina	3607****	9,50
AL_011	Ruiz Castelain	Marta	0658****	9,25
AL_013	Isasi Hernandez	Laura	****4955	9,00
AL_003	Janeiro Gonzalez	Marta	3945****	8,75
AL_005	Izquierdo Alonso	Jacobo	****0055	8,75
AL_006	Garrido Fenes	Maria Alicia	****8577	7,00
AL_012	Fernandez Gonzalez	Julian	****1363	6,75
AL_010	Senra Alvarez	Maria Avelina	3608****	6,25
AL_008	Figueirido Garcia	Pilar	3607****	6,00

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DAS 7 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE ITALIANO (1700.-€)**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
IT_005	Nogueiras Caseiro	Maria Jose	****0801	11,50
IT_003	Adame Moldes	Manuel	****9011	10,25
IT_004	Fuentes Mora	Mercedes	****3422	10,25
IT_002	Cerdeira Botana	Maria Lucia	3601****	10,25
IT_006	Montemuiño Lago	Laura	3616****	9,75
IT_007	Freijeiro de Pedro	Monica	3610****	8,75
IT_001	Calvo Marques	Miguel	****7984	8,75

### **ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 4 BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA O IDIOMA DE PORTUGUÉS (1600.-€)**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
PO_002	Lopez Grande	Maria Luz	****7739	8,50
PO_006	Ogando Penela	Maria Asuncion Clara	****7428	8,25

PO_003	Rodriguez Soto	Gladys	5319****	7,75
PO_001	Gutierrez Gonzalez	Jose Manuel	2845****	7,50

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 13 BOLSAS  
“CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (2000.-€)**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
XA_015	Facal Bendaña	Eduardo Manuel	****4024	11,75
XA_003	De la Fuente Paramo	Irene	****0345	11,75
XA_008	Lapiente Planellas	Carles	****7106	11,25
XA_005	Perez Gonzalez	Uxia	3948****	11,25
XA_006	Campos Sanchez	Jorge	4447****	11,25
XA_002	Perez Moure	Hugo	3948****	11,25
XA_010	Alen Rodriguez	Antia	****6080	10,75
XA_017	Gonzalez Alonso	Nerea	****3944	10,50
XA_009	Calvo Gonzalez	Purificacion	3606****	8,50
XA_001	Barreiro Vence	Maria Montserrat	3611****	8,00
XA_014	Claro Quintans	Luis Ernesto	3808****	7,00
XA_016	Villalon Amorin	Juan Fernando	****6599	7,00
XA_011	Miguez Comesaña	Ana	****5948	7,00

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA  
“CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE XAPONÉS (1700.-€)**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
XA_007	Vila Suarez	Ruben	****0097	6,25

**ALUMNADO DA EOI PROPOSTO COMO BOLSEIRO/A DIRECTO DE 1 BOLSA  
“CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE CHINÉS (2000.-€)**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTOS
CH_002	Rodriguez Otero	Jose Carlos	****8979	9,50

2º.- Excluir aos seguintes alumnos/as solicitantes da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) polos motivos que se citan.

**ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE INGLÉS**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS DE EX- CLUSIÓN
IN_001	Karpenko Tkachenko	Svitlana	****1041	B
IN_002	Arquero Salinero	Mª Olvido	****5085	B
IN_020	Fernandez Vazquez	Aida	****5886	B
IN_022	Martinez Abreu	Jorge Alejandro	5465****	B



## Concello de Vigo

IN_025	De Feo	Guillermina Andrea	****2657	B
IN_059	Carrascal Prieto	Sergio	1170****	B
IN_060	Cabezas Varela	Ramon	****9462	B
IN_063	Cepedes	Helle Margarita	****8914	B

### **ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE FRANCÉS**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS DE EX-CLUSIÓN
FR_003	Rodriguez Vazquez	Josefa	****2739	A
FR_008	Lago Candeira	Maria del Pilar	3606****	B

### **ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE ALEMÁN**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS DE EX-CLUSIÓN
AL_001	Rafael Cabaleiro	Alexis	3945****	B

### **ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE PORTUGUÉS**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS DE EX-CLUSIÓN
PO_004	Morais Martinez	Sabela	3557****	B
PO_005	Quinteiro Martinez	Maria Belen	****1025	B
PO_007	Rodriguez Romero	Víctor	****2513	B

### **ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE XAPONÉS**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS DE EX-CLUSIÓN
XA_012	Parra Cotelo	Paula	****5206	A
XA_013	Carmona Perez	Fernando	****5436	(*)

### **ALUMNADO DA EOI DENEGADO COMO BOLSEIRO/A DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” NO IDIOMA DE CHINÉS**

EXPTE	APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVOS DE EX-CLUSIÓN
CH_001	Gil Rodriguez	Andres	3615****	(*)

\*Motivos de exclusión:

- A: por non cumprir o requisito 1.I. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*estar empadroadado no Concello de Vigo con vixencia mínima dende o 1 de xaneiro de 2019*”
- B: por non cumprir o requisito 1.IV. recollido na base quinta “beneficiarios e requisitos” da presente convocatoria, que di “*ter aprobados dous cursos oficiais presenciais na EOI de Vigo nos últimos 5 cursos académicos no idioma no que solicita a bolsa*”.
- (\*) “*Renuncia voluntaria acreditada documentalmente*”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **9(71).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA, EXTRACTO E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2020. EXPTE. 17040/77.**

Visto o informe de fiscalización do 03/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/2020, asinado pola técnica de xestión, a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución de 23/10/2019), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

#### **I. Obxecto:**

Desde a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, procédese á tramitación da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, no ano da convocatoria ata **30 de setembro de 2020**.

Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

#### **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**



## Concello de Vigo

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### **III. Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo:

- |   |                                |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”    | Epígrafes 10.1 e 10.5.         |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.     |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais”         | Epígrafes 5.1                  |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”.          | Epígrafes 5.2                  |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.            | Epígrafe 10.7                  |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas”             | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

#### **IV. Procedemento de concesión da subvención:**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

#### **V. Tramitación:**

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Base 2ª: actualízase ao 1 de xaneiro de 2019 a data límite de empadramento das persoas a contratar con cargo á presente convocatoria e se introduce o requisito dos solicitantes das axudas “que realicen convocatoria pública da oferta de emprego de acordo co establecido na Base 13ª”
- Base 3ª: se exclúe, como gasto subvencionable, o 20 % dos custes salariais e de seguridade social do/a traballador/a a cargo da entidade.
- Se incrementa a contía total do crédito das axudas no vixente exercicio orzamentario aumentando os importes asignados aos Programas I e II, xa que, rexistraron un maior número de solicitudes e persoas beneficiarias contratadas con cargo á subvención na convocatoria do ano 2019. Pola contra, minórase o importe do Programa III, dentro do cal, non resultou beneficiaria ningunha entidade na devandita convocatoria.
- Na base 7ª, se engade un apartado 12 relativo á obriga das entidades beneficiarias de cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Se eliminan as referencias á presentación de documentación de xeito presencial, nas Bases 8ª e 9ª.
- Na Base 9ª, se elimina a obriga de achega do Anexo VI (Oferta de emprego) xunto coa solicitude de subvención, diferindo a súa presentación ao momento de realizar a convocatoria do/s posto/s a seleccionar, segundo o establecido na Base 13ª.
- Se modifican os criterios de valoración dos Proxectos incluídos na Base 10ª, eliminándose os seguintes: “outras colaboracións”, “que se baseen na análise das necesidades existentes



## Concello de Vigo

no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno”  
“(…) a diversidade de contidos, a súa duración”

- Coa finalidade de impulsar a tramitación electrónica e axilizar o procedemento, evitando dilacións indebidas, se introduce a Base 13ª relativa á “selección de persoal polas entidades beneficiarias das axudas”, eliminándose a intervención da comisión de seguimento que se contemplaba na Base 19ª da anterior convocatoria. Ademais, para a remisión do Anexo VII polas entidades solicitantes, se substitúe o prazo de 24 horas polo de un día hábil de antelación á data de publicación na páxina “asociacións en rede” e no taboleiro do servizo de Desenvolvemento Local.

- Se da unha nova redacción ao primeiro parágrafo da Base 14ª no que se indica o prazo de xustificación das axudas.

- Se modifica a Base 19ª para a súa adaptación ao vixente marco normativo en materia de protección de datos de carácter persoal.

### **VI. Normativa de aplicación:**

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto e, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2020 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **VII. Contía total e crédito orzamentario:**

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2020 do Concello de Vigo é de **1.150.000,00 €** (un millón euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos entre os distintos programas de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante

ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

### **VIII. Publicidade:**

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

### **IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**





## Concello de Vigo

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 1.150.000,00 € (un millón cento cincuenta e mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2020.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” correspondentes ao ano 2020 e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2020.**

#### **BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

##### **Obxecto:**

*Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, **no ano da convocatoria, ata o 30 de setembro de 2020.***

**Finalidade:**

*Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía. Con esta medida preténdese reducir, nestes anos de crise, a porcentaxe de desempregados/as na cidade mediante a contratación do maior número de postos de traballo a través da colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento ás persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.*

*Xa que logo, a finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:*

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.*
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2019.*
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sociais, empresariais, deportivas e ás comunidade de montes, para a mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.*
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.*
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.*
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.*
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.*
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.*
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.*
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.*
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.*
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).*
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.*

**Beneficiarias:**

*Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen*



## Concello de Vigo

competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- |                 |                                    |                                |
|-----------------|------------------------------------|--------------------------------|
| ✓ Programa I:   | “Entidades veciñais e culturais”   | Epígrafes 10.1 e 10.5.         |
| ✓ Programa II:  | “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.     |
| ✓ Programa III: | “Organizacións sindicais”          | Epígrafe 5.1                   |
| ✓ Programa III: | “Entidades empresariais”.          | Epígrafes 5.2                  |
| ✓ Programa IV:  | “Comunidades de Montes”.           | Epígrafe 10.7                  |
| ✓ Programa V:   | “Entidades deportivas”             | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

### BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe correspondente, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos.
5. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
6. Que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos **agás oposición expresa do interesado**, en cuxo caso, a entidade solicitante achegará o **Anexo IV** cumprimentado e asinado electronicamente, **achegando a/s correspondente/s certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
7. Que as persoas físicas que ostentan a representación legal das entidades beneficiarias e os seus membros asociados, non estean incursoas nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Que se acompañe á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
9. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.
10. Que realicen convocatoria pública da oferta de emprego de acordo co establecido na Base 13ª.

### BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1. A subvención cubre os **gastos salariais e de Seguridade Social** das persoas traballadoras contratadas dentro do ano da convocatoria, **ata o mes de setembro**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas.

Así mesmo, serán subvencionables os seguintes gastos:

- Os gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

2. En ningún caso serán subvencionables os seguintes conceptos:

a) A indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores.

b) Os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

c) As vacacións pagadas, pero non desfrutadas.

d) As horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

e) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais

f) Os gastos de procedementos xudiciais

O custo dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

#### **BASE 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2020) do Concello de Vigo é de **1.150.000,00 €** (un millón cento cincuenta e mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", distribuídos do seguinte xeito:

**1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

**2.- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais": 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

**3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 25.000,00 € (vinte e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

**4.- Programa VI: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.

**5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).**

**6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

#### **BASE 5ª.- ANTICIPO A CONTA**



## Concello de Vigo

*Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na liquidación final.*

*A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.*

*Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.*

### **BASE 6ª.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS**

*Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.*

*As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).*

*De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.*

### **BASE 7ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

*As entidades beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:*

- 1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.*
- 2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
- 3. Para os efectos de difusión pública, en todo lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII** aprobado nesta convocatoria para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2020, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.*

4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
12. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

#### **BASE 8ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **asinadas electronicamente** con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

#### **BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



## Concello de Vigo

Os solicitantes anexarán á solicitud a documentación que se indica a continuación:

**a) Anexo I: Solicitud:**

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitud **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

**b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente.**

**c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.**

**d) Anexo IV: Consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo. O Anexo IV deberá achegarse asinado electronicamente **só** nos casos nos que a solicitante se opoña expresamente á consulta dos seus datos de identidade e de se está ao corrente coas súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Axencia Tributaria de Galicia, co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social.

No caso de que o solicitante se opoña expresamente, terá que achegar o **documento de indentidade** correspondente e/ou as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

**e) Anexo V: Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2020 asinado electronicamente.**

**f) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

## **BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.
  - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
    - a) Participación en convocatorias de fomento do emprego.....ata 4 puntos:
      - Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
      - Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
      - Unha (1) convocatoria .....2 puntos
    - b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (\*).....ata 4 puntos:
      - Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
      - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
      - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
      - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
      - Superior ó 85%.....4 puntos

(\*) Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de "Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro", inmediatamente anterior á presente convocatoria.
2. Calidade do proxecto .....Ata 10 puntos
  - 2.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
    - a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.....Ata 4 puntos
    - b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos
    - c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 1 punto
    - d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos
    - e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 2 puntos

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.
3. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.
  - 3.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.
  - 3.2. O tempo de duración do contrato:
    - a) 2 meses.....1,00 punto por contrato.
    - b) 3 meses.....1,25 puntos por contrato.
    - c) 4 meses.....1,50 puntos por contrato.





## Concello de Vigo

- d) 5 meses.....1,75 puntos por contrato.
- e) 6 meses.....2,00 puntos por contrato.
- f) 7 meses ou máis.....2,25 puntos por contrato.

### 3.3. Xornada:

- a) Completa.....1,00 puntos por contrato
- b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
- c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
- d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

### **BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN**

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimaranse as seguintes solicitudes:

#### 1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

#### 2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, no vixente exercicio orzamentario.

### **BASE 12ª.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á

solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas. A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de



## Concello de Vigo

resolución provisional, na que se concretarán as solicitudes estimadas e as desestimadas con expresión da súa causa, facendo constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. Da devandita proposta darase audiencia aos interesados a fin de poidan achegar as alegacións que estimen pertinentes durante o prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da **publicación** da proposta de resolución provisional na páxina web no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>.

Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor da beneficiaria ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

7- A Comisión de Valoración examinará as alegacións achegadas, e remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor, que formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

11- O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

12- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

13.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario.

14.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

### **BASE 13ª.- SELECCIÓN DE PERSOAL POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS**

**As entidades solicitantes deberán realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días antes da realización da selección mediante os seguintes medios:**

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b) Inserción na páxina web municipal "Asociacións en rede" (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido no **Anexo VI ( Oferta de emprego asinada electronicamente**, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org), cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación.
- c) Exposición da convocatoria pública da oferta de emprego no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e no Centro de Iniciativas de Emprego, no formato establecido no **Anexo VI (Oferta de emprego asinada electronicamente**, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org), cando menos **cun día hábil de antelación** á data de publicación.

O/A secretario/a de cada entidade certificará a publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar.

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), b) e c), a entidade que teña unha proposta de contratación remitirá **a través da sede electrónica do Concello de Vigo** a documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, tal e como se indica a continuación:

- a) Certificado do/a secretario/a da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar e a publicación da/s oferta/s de emprego na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade.
- b) Certificado do/a secretario/a da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.



## Concello de Vigo

c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículum das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houbera.

d) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

Logo do exame da documentación achegada pola entidade, o servizo emitirá un informe no que se verifique o cumprimento dos requisitos establecidos nas bases desta convocatoria para proceder á contratación.

De resultar necesario subsanar ou completar a documentación exixida, ben, porque as persoas seleccionadas pola entidade non cumpren os requisitos exixidos nestas bases ou na oferta, ou ben, porque fose necesario subsanar ou acompañar documentos preceptivos, a entidade disporá dun prazo de 10 días para atender ao requirimento efectuada mediante notificación electrónica, transcorrido o cal, se lle terá por desistida da súa petición..

O informe favorable remitirase á entidade solicitante mediante notificación electrónica, podendo proceder á contratación da/s persoa/s seleccionada/s unha vez remitido.

### **BASE 14ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de setembro, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 15 de outubro de 2020**.

A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa** que estará integrada pola documentación que se indica a continuación:

**1º) Declaración responsable asinada electronicamente (Anexo VIII)** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente (Anexo IX)**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, no que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
  - Novas contratacións:
    - Denominación do/s posto/s.
    - Perfís profesionais
    - Persoas contratadas.
    - Período de contratación.
    - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
  - Denominación do posto.
  - Perfil profesional.
  - Persoa asignada ao proxecto.
  - Período de traballo.
  - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Nos cursos de formación realizados ao persoal contratado con cargo a subvencións explicitarase:
  - Programa do curso.

- Horas de formación.
- Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
  - Datas e lugar de celebración.
  - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

3º) **Memoria económica:** as entidades beneficiarias achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica **asinada electronicamente en .pdf** coa relación dos **custos salariais e de seguridade social**, así coma dos **outros custos** (gastos financeiros e de xestión), segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo X - folla de cálculo**, que tamén remitirán por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org)), que incluírá unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Indicarán o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada:

- **Custos salariais:** para a xustificación das retribucións de persoal achegarán a seguinte documentación:

- Contrato de traballo do/s novo/s traballador/es contratados
- Contrato de traballo e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo á subvención
- Nóminas correspondente aos meses imputados
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (xunto co seu xustificante de pago) e Relación nominal de traballadores.
- Modelo 111 (Impreso da liquidación nominal do IRPF) (xunto cos xustificantes do seu pagamento).
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións).

- **Outros custos:** reflectiranse na táboa correspondente do **Anexo X** todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo XI**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

4º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou



## Concello de Vigo

ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

### **BASE 15ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 35/2015 do PAC das AAPP.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

### **BASE 16ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **BASE 17ª.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

**BASE 18ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIONS E SANCIONS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

**O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.**

No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custo dos proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**BASE 19ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**





## Concello de Vigo

*Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.*

*A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.*

*O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.*

*Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.*

*As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).*

*Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).*

### **BASE 20ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

*Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do vixente Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

### **BASE 21ª.- PUBLICIDADE**

*As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” en:*

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

## CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2020.

### **Primeiro.- Obxecto e Finalidade:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidade de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo, no ano da convocatoria ata o **30 de setembro de 2020**. Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

### **Segundo.- Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais” Epígrafes 10.1 e 10.5.



## Concello de Vigo

- ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
- ✓ Programa III: “Organizacións sindicais” Epígrafes 5.1
- ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”. Epígrafes 5.2
- ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”. Epígrafe 10.7
- ✓ Programa VI: “Entidades deportivas” Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

### **Terceiro.- Procedemento de concesión da subvención:**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

### **Cuarto.- Normativa de aplicación:**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **Quinto.- Contía:**

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2020) do Concello de Vigo é de **1.150.000,00 €** (un millón cento cincuenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 25.000,00 € (vinte e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.
- 4.- Programa VI: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).**
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

### **Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da**

**convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **asinadas electronicamente** con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

#### **Sétimo.- Documentación:**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

##### **a) Anexo I: Solicitude:**

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

##### **b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente.**

##### **c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.**

**d) Anexo IV: Autorización para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo **asinada electronicamente**, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, coa Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e frónte a Seguridade Social**, vixentes de



## Concello de Vigo

*conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.*

**e) Anexo V: Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2020 asinado electronicamente.**

**f) Calquera outra comunicación de *modificación ou actualización de datos da entidade* que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.**

*Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados os devanditos documentos. En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.*

*O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.*

**Oitavo.- Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento, recursos procedentes e medios de notificación:**

*1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.*

*2.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.*

*As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.*

*As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.*

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse con arranxo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada. Poderase modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores/as que se vaian subvencionar, segundo se entenda xustificado adecuadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas. A modificación realizarase en base á seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtúe os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar e ata un mínimo do 50%
3. Redución da porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución provisional, na que se concretarán as solicitudes estimadas e as desestimadas con expresión da súa causa, facendo constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. Da devandita proposta darase audiencia aos interesados a fin de poidan achegar as alegacións que estimen pertinentes durante o prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da **publicación** da proposta de resolución provisional na páxina web no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>.



## Concello de Vigo

*Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor da beneficiaria ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*7- A Comisión de Valoración examinará as alegacións achegadas, e remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor, que formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.*

*O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

*En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.*

*8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.*

*As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.*

*Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

*9- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.*

*Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.*

*11- O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.*

*12- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición*

con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

13.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

14.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

#### **Noveno.- Criterios de valoración dos proxectos:**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:.....Ata 8 puntos.
  - 1.1. Valorarase a colaboración coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
    - a) Participación en convocatorias de fomento do emprego.....ata 4 puntos:
      - Tres (3) ou máis convocatorias.....4 puntos
      - Dúas (2) convocatorias.....3 puntos
      - Unha (1) convocatoria .....2 puntos
    - b) Calidade das xustificacións do importe das axudas (\*).....ata 4 puntos:
      - Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda.....2 puntos
      - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25%.....2,5 puntos
      - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50%.....3 puntos
      - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75%.....3,5 puntos
      - Superior ó 85%.....4 puntos
2. Calidade do proxecto .....Ata 10 puntos





## Concello de Vigo

2.1. Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.....Ata 4 puntos
- b) Estean dirixidos á promoción dos colectivos de poboación mais desfavorecidos.....Ata 2 puntos
- c) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.....Ata 1 punto
- d) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.....Ata 1 puntos
- e) Número de actividades desenvolvidas.....Ata 2 puntos

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de tres puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

3. Calidade e cantidade dos contratos.-.....Ata 30 puntos.

3.1. Número de beneficiarios/as.....1 punto por contrato.

3.2. O tempo de duración do contrato:

- a) 2 meses.....1,00 punto por contrato.
- b) 3 meses.....1,25 puntos por contrato.
- c) 4 meses.....1,50 puntos por contrato.
- d) 5 meses.....1,75 puntos por contrato.
- e) 6 meses.....2,00 puntos por contrato.
- f) 7 meses ou máis.....2,25 puntos por contrato.

3.3. Xornada:

- a) Completa.....1,00 puntos por contrato
- b) Reducida superior ao 50% da xornada.....0,75 puntos por contrato
- c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%.....0,50 puntos por contrato
- d) Reducida igual ou inferior ao 15%.....0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

### **Décimo.- Outros datos:**

A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de setembro, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 15 de outubro de 2020**. A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa**.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

### **Décimo primeiro.- Publicación:**

A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/XX/XX POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2020.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**Primeiro.- Obxecto e Finalidade:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidade de montes, constituídas legalmente como tales entidades sen ánimo de lucro, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentas de levar a cabo, no ano da convocatoria ata o **30 de setembro de 2020**. Estas axudas están dirixidas a fomentar o emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, co fin de reforzar a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

**Segundo.- Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, deportivas, comunidades de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de



## Concello de Vigo

Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer, o deporte e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

Xa que logo, a efectos da presente convocatoria, coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades ás que vai dirixida, convócanse os programas que deseguido se relacionan en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- |   |                                |
|---|--------------------------------|
| ✓ Programa I: “Entidades veciñais e culturais”    | Epígrafes 10.1 e 10.5.         |
| ✓ Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.     |
| ✓ Programa III: “Organizacións sindicais”         | Epígrafes 5.1                  |
| ✓ Programa IV: “Entidades empresariais”.          | Epígrafes 5.2                  |
| ✓ Programa V: “Comunidades de Montes”.            | Epígrafe 10.7                  |
| ✓ Programa VI: “Entidades deportivas”             | Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2 |

### Terceiro.- Bases reguladoras:

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/XX e publicadas en <http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

### Cuarto.- Contía:

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2020) do Concello de Vigo é de **1.150.000,00 €** (un millón cento cincuenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”: 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 25.000,00 € (vinte e cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.
- 4.- Programa VI: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.
- 5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).**
- 6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros).** A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.

### Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **asinadas electronicamente** con anterioridade á súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Cada entidade poderá presentar unha solicitude.

#### **Sexto.- Documentación:**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

##### **a) Anexo I: Solicitude:**

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante
- dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico, que necesariamente deberán indicar para poder enviar un aviso de posta a disposición das notificacións electrónicas. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- sinatura electrónica: deberán asinar electronicamente a solicitude **antes do seu envío** a través da sede electrónica.

##### **b) Anexo II: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos asinada electronicamente.**

##### **c) Anexo III: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas asinada electronicamente.**

**d) Anexo IV: Autorización para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo **asinada electronicamente**, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, coa Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Vigo. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar



## Concello de Vigo

*debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.*

**e) Anexo V: Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2019 asinado electronicamente.**

**f) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.**

*Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados os devanditos documentos. En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.*

*O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.*

### **Sétimo.- Outros datos:**

*A entidade beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e a aplicación dos fondos recibidos no prazo **dun (1) mes** a contar **desde o remate das accións** de fomento do emprego subvencionado, agás no caso de que aquelas rematen na segunda quincena de setembro, en cuxo caso, o prazo finalizará **o 15 de outubro de 2020**. A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa**.*

*Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.*

**10(72).- PROPOSTA DE CUALIFICACIÓN COMO PROXECTO DE INTERESE MUNICIPAL (PEIM) O PROXECTO PRESENTADO POLA RAICES CELTAS S.-L.PARA A CREACIÓN DUN “PARQUE FORESTAL MEMORIA”. EXPTE. 17020/77.** Dáse conta do informe-proposta de data 30/01/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Participación Cidadá (Resolución do 23/10/2019) e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

I. Con data 05/12/2019 a entidade mercantil **RAICES CELTAS S.L. (B27874726)**, achegou, a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (CÓD. SOLICITUDE: W403124-4609), a solicitude de cualificación como PEIM do proxecto "**Parque forestal Memoria**", para espacio funerario de innovación en servizos especializado no manexo de cadáveres de mascotas, ofrecendo servizos crematorios individuais, colectivos e servizo de enterramento en cementerio sostible.

II. Con data 02/01/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asina a orde de inicio de expediente para tramitar a proposta de proxecto empresarial **RAICES CELTAS, SL** para a cualificación como Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM).

III. Con data 16/01/2020 xúntase ao expediente o informe técnico favorable e a ficha de valoración do proxecto, para cualificar como Proxecto de Interese Municipal (PEIM) o proxecto presentado por **RAICES CELTAS, SL**, para espacio funerario de innovación en servizos especializado no manexo de cadáveres de mascotas, ofrecendo servizos crematorios individuais, colectivos e servizo de enterramento en cementerio sostible, segundo a ficha de valoración, concluíndo que:

*"Este servizo está destinado a promover a cremación de animais e mascotas baixo o concepto de vocación biofílica que busca potenciar e fortalecer este sentido de conexión mediante tres principios de diseño: a natureza no espacio, a analoxía na natureza e a natureza do espacio. Trátase dun espacio funerario aberto ó público donde os servizos crematorios dispondrán de posibilidade de recollida de cadaver e se dividirán en dous tipos:*

- *Cremación individual: seguirá unha dinámica similar a cremación humán, o cadaver será depositado nunha incineradora feita en España cun deseño específico de mascotas e o interesado podrá optar polos seguintes servizos:*
  - *Enterro ecolóxico con arbol propio*
  - *Enterro ecolóxico en arbol xa existente no terreo*
  - *Macetas*
  - *Columbarios*
  - *Despedida en estanque*
- *Cremación colectiva: Consistirá no acopio dos cadáveres nunha cámara frigorífica para evitar a descomposición e a súa posterior incineración nunha fosa común.*
- *Colaboración con clínicas veterinarias, para o servizo de eutanasia.*

*Dada a importancia do sector das mascotas e a preocupación da xente pola ecoloxía e a sostenibilidade do medio ambiente en Vigo, as liñas de actuación a desenvolver neste proxecto, a creación de postos de traballo que poderán ampliarse nun futuro, etc,..e unha vez acadada a puntuación mínima de 70 puntos segundo o procedemento establecido, reflectido na ficha de valoración do proxecto, dende o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, consideramos que a iniciativa presentada RAICES CELTAS para establecemento dun parque forestal como espacio funerario para animais de compañía, cumpre os re-*



## Concello de Vigo

*quisitos previstos para ser cualificado como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) e polo tanto é susceptible de ser beneficiario das citadas axudas e subvencións.”*

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O Concello-Pleno, a proposta da Concellería de Emprego, na súa sesión de data 5 de xuño de 2000, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contempla, entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recolle o concepto de Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM).

II. A Comisión de Goberno, en sesión do 04/09/2000, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

III. O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data 29 de abril de 2008, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

IV. As bonificacións fiscais, para os proxectos de interese municipal, veñen especificados nas Ordenanzas Fiscais para o vixente exercicio 2020, e abarcan os seguintes tributos locais:

- Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas (*artigo 6.1. “Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%”*).
- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras (*artigo 3.6. “As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderáse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. (...)”*).
- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos (*artigo 5.6. “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)”*).
- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións (*artigo 6. “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75%”*).

*cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). (...)*”.

V. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14/03/2011, aprobou as Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal -PEIM (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego):

#### **- Tramitación e procedemento (Base III):**

Poderán solicitar a cualificación como proxecto PEIM os promotores de proxectos empresariais susceptibles de seren cualificados como tales, segundo o estipulado nos artigos 1º e 2º das bases, mediante a achega dunha solicitude no Rexistro xeral do Concello ou en calquera outro medio previsto na lexislación de procedemento administrativo común, xuntando a documentación esixida nas bases reguladoras.

O servizo procederá á avaliación do proxecto, así coma á súa viabilidade desde a óptica empresarial cara a súa cualificación como proxecto PEIM.

Unha vez examinada a documentación obrante no expediente compróbase que constan os documentos esixidos no art. 8º das bases reguladoras:

- DNI do representante
- Escritura de constitución de sociedade de responsabilidade limitada e nomeamento de administrador de data 18/09/2019, co n.º 2.273 de protocolo do notario don Fernando Olmedo Castañeda, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra.
- Escritura pública de ampliación de capital de data 24/10/2019, co n.º 2.656 de protocolo do notario don Fernando Olmedo Castañeda, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra.
- Alta no IAE
- CV dos promotores
- Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación do Concello de Vigo.
- Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable respecto das axudas solicitadas ou percibidas para este fin.
- Declaración da promotora da empresa de non ter iniciado a actividade empresarial.
- Declaración da promotora da empresa do compromiso de creación de 3 postos de traballo (incluído o da promotora) e de manter o nivel de emprego.
- tarxeta de identificación fiscal, B27874726;
- memoria explicativa da viabilidade do proxecto;
- certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa ATRIGA expedido en data 29/01/2020;
- informe de inexistencia de inscrición como empresario no sistema da Seguridade Social expedido en data 24/01/2020;
- certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT expedido en data 15/11/2019;





## Concello de Vigo

- certificado de estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo expedido en data 24/01/2020;

A competencia para a adopción do acordo de cualificación de proxectos PEIM corresponde á Xunta de Goberno Local.

Tal e como se ven pronunciando a Intervención Xeral Municipal con respecto a estes procedementos, non procede a fiscalización previa do expediente dacordo co previsto no art. 214.2.a) do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, ao carecer de contido económico, substituíndose segundo o disposto na Base 41ª de Execución dos Orzamentos para o presente exercicio, pola inherente toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral Municipal.

Contra o acordo de cualificación, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, unha vez avaliada a solicitude e documentación esixidas nas bases reguladoras así coma a súa viabilidade desde a óptica empresarial cara a súa cualificación como proxecto PEIM segundo consta en expediente e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO:** Cualificar como Proxecto de Interese Municipal (PEIM) o proxecto presentado pola **RAICES CELTAS S.L. (B27874726)**, para a creación dun “**Parque forestal Memoria**”, para espazo funerario de innovación en servizos especializado no manexo de cadáveres de mascotas, ofrecendo servizos crematorios individuais, colectivos e servizo de enterramento en cementerio sostible, segundo ficha de valoración.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ao interesado no expediente e dar traslado do certificado do acordo adoptado pola XGL, ás dependencias municipais de Administración de Tributos e Xerencia Municipal de Urbanismo.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(73).- REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE VIGO) AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2019. EXPTE. 17024/77.**

Visto o informe de fiscalización do 31/01/2020, dáse conta do informe-proposta de data 03/02/2020, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Participación Cidadá (Resolución do 23/10/2019), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2019.

**ANTECEDENTES**

Con data 27/12/2018, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2019. (expte. 16.049/77).

Con data 11/01/2019, publicouse no BOP, a convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2019, dando comezo ao prazo de presentación de solicitudes desde o 14/01/2019 ao 25/01/2019, ambos incluídos.

Con data do 24/01.2019 a ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE) (CIF:G36801876) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2019 (expte. 16221/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 18/07/2019 acordou concederlle unha subvención por importe de 11.233,50 €.

Con data do 16.07.2019 e rexistro de saída número 23274 comunícaselle a concesión da axuda, o importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 23.07.2019 a ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito de solicitude dun anticipo do 50% da subvención concedida para o ano 2019 dentro do programa de axudas para o Fomento do Emprego para a realización das accións previstas no convenio (expte. 16609/77).



## Concello de Vigo

En atención á solicitude achegada, e en aplicación da cláusula 5ª das “bases das subvencións de fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro”, deuse trámite ao anticipo do 50%, procedendo ao pagamento de 5.616,75 € con data 03/09/2019.

Con data do 14.10.2019 a entidade AJE VIGO achegou a través da sede electrónica e dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da subvención concedida (expediente 16792/77).

Examinada a dita documentación xustificativa, apreciase a realización das actividades contempladas no proxecto, sendo o montante total da subvención xustificada de 4.175,39 €.

Na xustificación da realización do citado proxecto, dita asociación presenta nóminas, TC1 e TC2, modelo 111 así como as súas correspondentes certificacións bancarias, memoria explicativa das accións realizadas.

Con data 02/01/2019, a técnica de xestión, por ausencia da xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de 27/12/2019), emite informe concluíndo que resulta procedente iniciar un expediente de revogación parcial da subvención outorgada e requirir o reintegro parcial de pola diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, que ascende a un importe de **1.441,36 €** (5.616,75 – 4.175,39), ao que se engadirán os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo que adopte a Xunta de Goberno Local.

Con data 31/01/2020, o servizo de Intervención fiscaliza o expediente favorablemente con observacións, sinalando que na Resolución deberáselle indicar ao beneficiario os prazos de pagamento segundo o establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

Á vista do anterior se incorpora á proposta de resolución a indicación dos prazos de pagamento.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

As Bases reguladoras da convocatoria do ano 2019 de subvencións para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro, expediente 16049/77, establecen as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, entre as que se inclúen nomeadamente (Bases 7ª e 17ª) as de:

- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
- Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

- **Reintegro de subvencións:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Mediante orde de inicio de expediente 17024/77, asinada polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de data 27.12.2019, procedeuse ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE) (CIF:G-36801876).

Mediante notificación asinada pola técnica de xestión de data 02/01/2019 (PD da secretaria do Goberno Local, Resolución do 17/07/2019), efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Con data 08/01/2019 e documento núm. 200002381, achégase escrito asinado polo presidente da asociación no que, en síntese, manifesta a conformidade coa revogación parcial de subvención para e que a cantidade reclamada é a correcta polo que non presentan alegacións e solicita que a Xunta de Goberno Local adopte á maior brevidade o acordo de reintegro de 1.441,36 €, máis os xuros de mora e que se lles indique o procedemento para reintegrar esa cantidade.

Xa que logo, examinados o expediente nº 16621/77 de solicitude da axuda, o expediente nº 16609/77 de solicitude de anticipo do 50% e o expediente nº 16792/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas ditas bases reguladoras da convocatoria e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que logo da xustificación final, resulta procedente propoñer o REINTEGRO PARCIAL da subvención outorgada á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE) pola diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, por importe de **1.441,36 €** e de **22,00 €** correspondentes aos



## Concello de Vigo

xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	<b>03/09/2019</b>	Importe para o cálculo:	<b>1.441,36 €</b>
Data fin do cálculo:	<b>30/01/2020</b>	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
03/09/2019	30/01/2020	149	3,75	1.441,36	22,00
<b>TOTAIS</b>					<b>1.463,36 €</b>

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Polo que respecta ao prazo para efectuar o aboamento das cantidades a reintegrar, de conformidade co disposto no art. 62.2 Lei 58/2003 xeral tributaria, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 de cada mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 31/01/2020; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18.06.2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Requirir á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE GALICIA (AJE) (G-36801876) o reintegro parcial da cantidade de **1.463,36 €** que se corresponde coa diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo do 50 % da axuda concedida e o finalmente xustificado por importe de 1.441,36 € ao que se engaden 22,00 € correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago ata a data da adopción do presente acordo; de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvencións para fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2019 e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Dar conta á entidade do prazo para o aboamento das cantidades debidas en concepto de reintegro parcial da subvención, de xeito que, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 do mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

**TERCEIRO.-** Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **12(74).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PLAN DE DINAMIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE FESTAS: LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN NO PERÍODO 2020-2023”. EXPTE. 8385/335.**

Visto o informe xurídico do 03/02/2020 e informe de fiscalización do 04/02/2020, dáse conta do informe-proposta do 31/01/2020, asinado pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

Por parte do Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo redáctase o Plan de dinamización e desenvolvemento do Servizo de Festas: liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2020/2023.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985 corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta estableceza e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos regulados por lei.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias.

Dentro dos principios xerais de actuación e funcionamento o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, dispón que as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á lei e ao dereito. Deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:

- a) Servizo efectivo aos cidadáns.
- b) Simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns.
- c) Participación, obxectividade e transparencia da actuación administrativa.
- d) Racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión.
- e) Boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.
- f) Responsabilidade pola xestión pública.
- g) Planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.
- h) Eficacia no cumprimento dos obxectivo fixados.
- i) Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.
- j) Eficiencia na asignación e mais na utilización dos recursos públicos.
- k) Cooperación, colaboración e coordinación entre las Administraciones Públicas.

A planificación de actividade pública constitúe unha das claves da xestión en termos de eficacia e eficiencia, permitindo, así mesmo, unha maior transparencia e rendición de contas nos termos dunha mellor gobernanza.

O Servizo de Festas traballa na planificación e desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario sociocultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade.

Así mesmo, compre suliñar que a cidade de Vigo estase a converter nun centro de referencia e cunha importante proxección exterior para as actividades lúdicas e socioculturais. Os grandes eventos culturais atoparon na cidade un entorno óptimo para o seu desenvolvemento.

Polo antedito, faise necesario o deseño dunhas liñas básicas de actuación do Servizo de Festas que dan cobertura ao cumprimento dos obxectivos fundamentais do servizo.

Polo exposto, previo informe xurídico e, se procede, da Intervención Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local como órgano competente en materia de en virtude das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 en materia de aprobación de programas municipais, a seguinte PROPOSTA

**PRIMEIRO.-** Aprobar o “Plan de Dinamización e desenvolvemento do Servizo de Festas: Liñas Estratéxicas básicas de actuación no período 2020-2023”.

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**PLAN DE DINAMIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE FESTAS. LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN NO PERÍODO 2020/2023.**





## Concello de Vigo

### **INTRODUCCIÓN**

*A planificación da actividade pública constitúe unha das claves da xestión en termos de eficacia e eficiencia, permitindo así mesmo, unha maior transparencia e rendición de contas nos termos dunha mellor gobernanza. Planificación que, en ámbitos de repercusión e impacto social, adquire unha importante relevancia a través do desenvolvemento de programas socioculturais, que sitúan a Vigo como cidade de referencia en Galicia no ámbito da organización de concertos ao aire libre, programación de Nadal, Entroido e outras actividades socioculturais.*

*Esta planificación permitirá, a nivel interno, unha mellora nos aspectos organizativos, tanto previos como posteriores da acción municipal no ámbito das actividades socioculturais, amplamente recoñecida pola normativa básica en materia de réxime local, constituíndo tamén unha ferramenta de transparencia da xestión municipal comunicando ao conxunto da cidadanía, en xeral, e marcando o camiño que, para este mandato, seguirán as políticas públicas na materia.*

*A planificación das políticas públicas será obxecto de máxima difusión de conformidade co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, garantindo así o cumprimento da súa finalidade, sen perxuízo do seu desenvolvemento a través de programas anuais, de ser o caso.*

*Neste documento quedan reflectidos os obxectivos e estratexias básicas que guiarán as actuacións do Servizo de Festas durante o período 2020-2023.*

*Estas liñas de actuación a medio prazo consolidan os esforzos que realiza o Concello de Vigo en material sociocultural nos último anos, e reforzan a intención de mellorar e adaptarse ás peculiaridades e demandas da cidadanía.*

*Por outra banda as liñas anteditas procuran unha maior eficacia, eficiencia e impacto das accións, abordando ao mesmo tempo o crecemento da participación cidadá, a proxección exterior das actividades lúdicas e de lecer organizadas polo Concello de Vigo e a mellora de determinados procesos internos de xestión.*

*As Liñas Estratéxicas do Servizo de Festas para o período 2020-2023 estrutúranse en 5 obxectivos básicos que marcan de xeito claro e sintético as principais liñas de actuación para os tres próximos anos.*

### **1.- OBXECTIVOS DO SERVIZO DE FESTAS**

*O carácter cultural se atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985 corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta establece e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos regulados por lei.*

*O Servizo de Festas traballa na planificación e desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario sociocultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade.*

*Así mesmo, compre suliñar que a cidade de Vigo estase a converter nun centro de referencia e cunha importante proxección exterior para as actividades lúdicas e socioculturais. Os grandes eventos culturais atoparon na cidade un entorno óptimo para o seu desenvolvemento, como queda patente coa celebración do programa "Vigo en Festas" que inclúe concertos e espectáculos nacionais e internacionais no Auditorio de Castrelos, o Festival internacional "O Marisquiño", Festival Folclórico Internacional "Concello de Vigo", Entroido, Programa de Nadal, Cabalgata de Reis, Festas Gastronómicas, etc.*

*Os programas e actividades anteditos están directamente vinculados co desenvolvemento das liñas básicas de actuación do Servizo de Festas que dan cobertura ao cumprimento dos obxectivos fundamentais do servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo e que son os seguintes:*

**Obxectivo 1.-** *Garantir unha oferta sociocultural completa e de calidade para a cidadanía que converta a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos.*

**Obxectivo 2.-** *Conseguir a través da programación de actividades socioculturais una acción transformadora do municipio, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida. Así como o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión da nosa identidade cultural e da nosa historia.*

**Obxectivo 3.-** *Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural, de festas tradicionais e patronais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal coa fin de apoiar e fortalecer o tecido asociativo.*

**Obxectivo 4.-** *Favorecer o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.*

**Obxectivo 5.-** *Xestión e mantemento dos espazos vinculados ao servizo.*

*O Concello de Vigo debe tender á excelencia na xestión da actividade sociocultural, garantindo unha planificación axeitada e adaptada ás necesidades da poboación en xeral, atendendo as necesidades concretas vinculadas cos distintos perfís de persoas, tendo en consideración a configuración do tecido asociativo da cidade de Vigo e tendo en conta a estrutura territorial da cidade.*

*Estas cuestións terán que impulsar un traballo de planificación orientado a avaliar as necesidades existentes, estruturar obxectivos e definir contidos que permitan desenvolver os plans específicos de actuación no marco sociocultural.*



## Concello de Vigo

### **2.- ÁREAS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE FESTAS.**

Para a consecución dos obxectivos xerais do Servizo de Festas no marco das competencias municipais, a xestión do servizo se organiza en tres áreas:

2.1.- Área que desenvolve o deseño e planificación da programación anual, desenvolvemento, xestión e execución das actividades festivas e socioculturais, de lecer e tempo libre, así como de todo tipo de programas, plans, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns e garantan unha oferta sociocultural completa e de calidade.

2.2.- Área que fomenta o apoio e desenvolvemento dos proxectos socioculturais, festas patronais gastronómicas ou de interese xeral que suplan ou complementen a programación municipal a favor de entidades e asociacións de carácter sociocultural e que contribúe ao apoio actividades de entidades privadas que contribúan a difusión da imaxe da cidade de Vigo a nivel nacional ou internacional.

2.3.- Área que traballa na planificación e xestións das accións precisas para o funcionamento, conservación, mantemento e reparacións do Auditorio ao aire libre de Castrelos.

### **3.- LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DO SERVIZO DE FESTAS:**

Tendo en conta os obxectivos do Servizo e as diferentes áreas de xestión anterior, desde o Servizo de Festas se deseñaron as liñas estratéxicas básicas de actuación orientadas a dar resposta as necesidades e demandas da cidadanía en xeral e acadar os anteditos obxectivos básicos:

#### **3.1.- LIÑA ESTRATÉXICA 1: Deseño, desenvolvemento, xestión e execución da programación propia anual.**

Esta liña estratéxica da cobertura a consecución dos **obxectivos básicos do servizo de Festas números 1 e 2** a través do desenvolvemento, xestión, execución e seguimento dos diferentes programas e actividades festivas, socioculturais, de lecer e tempo libre que garantan unha oferta sociocultural completa e de calidade, e contribúan á dinamización sociocultural e fomenten a participación dos cidadáns durante o período 2020-2023. Sendo a programación xeral prevista a seguinte:

##### **3.1.a). Programación do Nadal.**

Promove directamente a participación da cidadanía en actividades socioculturais vinculadas a celebración do Nadal que teñen lugar no centro da cidade e nos barrios e parroquias do término municipal. O público obxectivo é a poboación en xeral aínda que orientadas principalmente ao público infantil e familiar. As actividades comencan na primeira semana de Nadal e rematan o día 5 de xaneiro.

O programa concrétase no deseño, desenvolvemento, difusión, execución e seguimento de diversas accións e actividades: concursos, parques de ocio, desfile

da Cabalgata de Reis, obradoiros infantís, recepcións e todo tipo de actividades de carácter lúdico.

### **3.1.b) Programación do Entroido.**

*Promove o fomento de valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural e da nosa historia. As actividades desenvoltas dentro deste programa teñen lugar en diversos puntos da cidade e están destinadas ao público en xeral, a través da programación de concursos, concertos, espectáculos, desfiles, actuación, animacións de rua, etc*

### **3.1.c) Programación “Vigo en Festas”.**

*Este programa desenvólvese de xeito anual entre o 15 de xullo e o 15 de agosto e está destinado á cidadanía xeral con actividades deseñadas para cada unha das modalidades de público obxectivo (infantil, familiar e adulto). Este programa é o mais ambicioso da programación anual do Servizo de Festas tanto pola súa duración como polo orzamento destinado ao seu desenvolvemento.*

*O programa de concertos e espectáculos nacionais e internacionais celebrados no Auditorio ao aire libre de Castrelos é o que aglutina un maior número de público e conleva un maior esforzo organizativo, administrativo e orzamentario.*

*Dentro do mesmo período organízanse ademais todo tipo de actividades infantis (obradoiros, espectáculos, concertos), danza urbana, festivais e actuacións de pequeno formato en diversos puntos da cidade.*

*Coa fin de darlle una maior difusión ás actividades entre a cidadanía dende o Servizo de Festas impulsanse diferentes accións publicitarias canalizadas a través dos medios de comunicación social e en diversos soportes publicitarios.*

### **3.1.d) Programación de Samaín e outono.**

*Este programa desenvólvese anualmente entre setembro e novembro é inclúe o deseño dunha programación de actividades destinadas principalmente ao público infantil tales como obradoiros, espectáculos infantís, animacións de rúa, etc.*

## **3.2.- LIÑA ESTRATÉXICA 2: Apoio no desenvolvemento de proxectos socioculturais a través da xestión de subvencións.**

*Esta liña estratéxica dá cobertura a consecución dos **obxectivos básicos do servizo de Festas números 3 e 4** a través convocatoria en concorrencia competitiva de subvencións ou concesión de subvencións nominativas de actividades que suplan ou complementen aquelas de competencia municipal.*



## Concello de Vigo

**3.2.a) Convocatoria anual de subvencións en concorrencia competitiva:** Destinada a entidades sen ánimo de lucro para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais.

**3.2.b) Concesión de subvencións nominativas:** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

**3.2.c) Contratación de patrocinios publicitarios:** Apoio a actividades de entidades privadas que contribúan a difusión da imaxe da cidade de Vigo a nivel nacional ou internacional.

**3.3.-LIÑA ESTRATÉXICA 3- Planificar e xestionar as accións precisas para o correcto funcionamento, conservación, mantemento e reparacións do Auditorio ao aire libre de Castrelos.**

Esta liña estratéxica da cobertura a consecución do **obxectivo básico do servizo de Festas número 5**. O Auditorio ao aire libre de Castrelos é unha instalación municipal adscrita ao Servizo de Festas que da cobertura a realización dos concertos do programa Vigo en Festas.

A súa xestión implica a contratación de traballos de mantemento, pequenas obras de reparación, revisión das instalacións, e asistencias técnicas para o control da cuberta do escenario, e para a realización dos plans de autoprotección e coordinación de actividades. Así mesmo o Servizo xestiona a cesión temporal de uso das instalacións.

As devanditas liñas estratéxicas se concretan a través dos diferentes programas operativos que, de conformidade coa planificación orzamentaria, se aproben polo órgano competente.

**13(75).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DO 56º CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA. EXPTE. 12864/446.**

Visto o informe xurídico do 27/01/2020 e a dilixencia de fiscalización do 28/01/2020, dáse conta do informe-proposta de data 28/01/2020, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Área Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

O Servizo de Montes, Parques e Xardíns está a organizar o 56º Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que lle corresponde organizar á nosa cidade, e que terá lugar os días 29 de febreiro e 1 de marzo de 2020, no Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo.

Este concurso vense organizando rotativamente polas cidades de Vilagarcía, Pontevedra e Vigo e ten como finalidade resaltar a camelia e a cultura botánica que se desenvolve ao redor deste arbusto característico das Rías Baixas e norte de Portugal.

O Servizo de Montes, Parques e Xardíns elaborou as bases que rexeran o 56º concurso-exposición e que precisan da correspondente aprobación por parte da Xunta de Goberno Local.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

#### PROPOSTA

Que se aproben as bases, que se achegan no expediente, correspondentes ao 56º Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que se celebrará os días 29 de febreiro e 1 de marzo de 2020 nas instalacións do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### LVI CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA

##### BASES

1. O Concello de Vigo organiza o LVI CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA, que terá lugar os días 29 de febreiro e 1 de marzo de 2020 nas instalacións do Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo.

2. Poderán concorrer todas as persoas maiores de idade, interesadas na camelia, profesionais ou afeccionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nas presentes bases.

3. Poderán presentarse flores pertencentes a calquera especie e variedade de camelia, así como calquera híbrido destas.

4. Establécense os seguintes premios:

a) PREMIO ESPECIAL “ CIDADE DE VIGO”.

Establecese un único premio para o/a concursante que presente o mellor conxunto de *Camellia japonica* “Cidade de Vigo”.

O lote estará constituído por doce flores da variedade “Cidade de Vigo”, valorarase a calidade das flores e a disposición ornamental do conxunto, para o que se habilitará un espazo no que cada concursante disporá de 0,25 m<sup>2</sup> (50 cm x 50 cm) independente do solicitado para os outros lotes. Na colocación das flores poderán utilizar elementos auxiliares de decoración ou soporte co fin de conseguir a disposición e o efecto ornamental desexado.

b) PREMIO CAMELIA DE OURO.



## Concello de Vigo

Establecese un único premio para o/a concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado en canto a número e calidade das flores.

Os lotes deberán estar perfectamente identificados co nome da especie á que pertencen e o da variedade.

A quen se lle outorgue este premio non poderá optar a ningún dos demais premios previstos nestas bases. O/A gañador/a deste premio será invitado/a a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que as súas flores terán un lugar destacado e non poderá participar como concursante.

### c) PREMIO ESPECIAL ANTONIO ODRIUZOLA.

Establecese un único premio á flor individual do xénero Camellia máis destacada de todas as que opten a este premio e que se expoñerán nunha mesa separada.

Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco variedades, representada cada unha delas por unha única flor. Será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie á que pertencen e o da variedade.

### d) Premio Especial da Sociedade Española da Camelia.

Establecese un único premio ó/a concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado en canto a número e calidade das flores entre os que participen por primeira vez no certame de Vigo, con independencia de que se presentase en calquera das outras dúas sedes do concurso.

### e) Premio á mellor presentación artística.

establécense un primeiro e segundo premio as mellores presentacións artísticas.

Valorarase como tal o conxunto de flores e/ou plantas de camelia acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos que, a xuízo do xurado, se distinguan pola súa colocación artística.

Os conxuntos que opten ó premio da mellor presentación artística participarán unicamente nesta categoría. A organización proveaos dunha tarxeta para que se distinguan claramente, co rótulo de "presentación artística".

### f) PREMIOS Camelia Xaponica branca.

Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de Camellia japonica de calquera variedade de cor branca.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

g) PREMIOS Camelia xaponica rosada ou doutras cores.

Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de Camellia japónica de calquera variedade de cores rosadas ou outras cores excepto branco e vermello.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

h) PREMIOS Camelia xaponica vermella.

Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de Camellia japónica de calquera variedade de cor vermello.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

i) PREMIOS Camelia xaponica xaspeada ou variegada.

Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de Camellia japónica de calquera variedade de cores xaspeadas ou variegadas.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

j) PREMIOS Camelia reticulata.

Establécense un primeiro, segundo e terceiro premio ós mellores lotes de Camellia reticulata de calquera cor ou variegación.





## Concello de Vigo

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove. Cada flor presentárase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

### k) PREMIOS Híbridos de Camelia.

Establécense un primeiro, segundo e terceiro premio ós mellores lotes de híbridos de Camellia de calquera especie.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da especie á que pertencen sen limitación de número de flores. Cada flor presentárase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

### l) PREMIOS Outras especies de Camelia.

Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de Camellia de calquera especie, excepto xaponica e reticulata.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da especie á que pertencen sen limitación de número de flores. Cada flor presentárase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

### Normas xerais do concurso

1. Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de concursantes, un/unha mesmo/a concursante non poderá obter máis de dous premios.
2. En caso de empate entre varios lotes o xurado manifestarase a favor daquel que teña as flores máis homoxéneas.
3. Para facilitar o labor do xurado a organización daralle a cada expositor no momento da súa presentación unha tarxeta co número de inscrición e outra por cada modalidade de premio na que participa. Tamén levará unha etiqueta co seu nome, que deberá colocar unha vez concluído o traballo do xurado e despois de ler a acta de premiados.
4. Co obxecto de facilitar que aqueles/as cultivadores/as que non desexen participar no concurso poidan de calquera modo amosar as súas flores, a organización habilitará unha mesa especial para eles. Neste caso serán válidas todas as observacións indicadas nas presentes bases, excepto as relativas ó concurso propiamente dito e ós seus premios.
5. As inscricións no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ben presencialmente en horario de atención ao cidadán de luns a venres de 9.00 h á 13.30h, ou ben a través da Sede Electrónica, dende o día seguinte á aprobación das presentes bases

na Xunta de Goberno Local ata as 13:30 horas do día 21 de febreiro de 2020, nun impreso que se facilitará para este fin.

Ademáis, poderánse presentar tamén a través de calquera outro Rexistro Xeral oficial habilitado para a entrada de documentación administrativa. Non obstante, as entidades mercantiles deberán presentar a súa solicitude unicamente a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo.

Nesta inscrición deberá especificarse a modalidade ou modalidades na que se concursa e a superficie que se precisará para a súa exposición. A superficie concedida a cada concursante quedará condicionada á orde de inscrición e, en todo caso, ás dimensións da sala de exposición.

6. A asignación do lugar no que cada concursante e expositor deberá colocar os seus lotes establecerá a comisión organizadora. O plano coa indicación do lugar asignado a cada concursante expoñeráse na semana previa á celebración do evento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

7. Os/as concursantes presentarán os seus lotes de flores na sala de exposicións entre as 8 e as 13 horas do sábado 29 de febreiro e poderán retiralos de 21 a 22 horas do domingo 1 de marzo. Independentemente da vixilancia que haberá no recinto os participantes deberán coidar dos seus obxectos de valor de calquera natureza que utilicen para a exposición das flores, xa que o organizador non se fará cargo das perdas que se poidan producir.

8. A exposición inaugurarase o sábado 29 de febreiro ás 18:00 horas coa lectura do dictame do xurado do concurso e a entrega de premios terá lugar o domingo 1 de marzo ás 12:30 horas, excepto cambios decididos pola organización.

9. O xurado estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: O Concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Distritos, Comercio e Festas Especiais, ou persoa na que delegue.

Secretario/a: Un/unha técnico/a da Área de Montes, Parques e Xardíns.

Vogais:

- Un/unha representante do Concello de Vigo.
- Un/unha representante do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Un/unha representante da Deputación de Pontevedra.
- Un/unha representante designado pola Asociación Española da Camelia.
- O/A gañador/a da Camelia de Ouro da edición anterior.
- Dúas persoas de recoñecido prestixio vencelladas á camelia e que serán designadas polo Concello de Vigo.

10. O xurado poderá declarar deserto/s algún/s dos premios establecidos nas bases e poderá conceder mencións especiais por outros conceptos distintos ós sinalados. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do xurado.



## Concello de Vigo

11. Tódolos participantes recibirán un diploma acreditativo da súa participación e unha planta de Camelia.
12. Polo simple feito de solicitaren a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.
13. O/a presidente/a do xurado queda facultado/a para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ó longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso se puidese producir.
14. Planning de traballo.

### SÁBADO 29 DE FEBREIRO

08:00 a 13:00 Colocación da exposición de Camelias por parte dos participantes.

13:00 a 17:50 Visita e deliberación do xurado do Concurso-Exposición Internacional da Camelia.

18:00 Inauguración por parte das autoridades.

21:00 Peche da exposición

### DOMINGO 1 DE MARZO

11:00 Visita aberta á exposición.

12:30 Entrega de Premios do LVI Concurso Exposición-Internacional da Camelia.

21:00 a 22:00 Retirada de elementos da exposición.

LVI CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA  
Vigo, 29 de febreiro e 1 de marzo de 2020

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO LVI CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA  
CAMELIA

NOME

NIF

APELIDOS

ENDEREZO \_\_\_\_\_ NÚM \_\_\_\_\_ PISO \_\_\_\_\_

CP \_\_\_\_\_ LOCALIDADE \_\_\_\_\_ PROVINCIA \_\_\_\_\_ PAIS \_\_\_\_\_

TFNO 1 \_\_\_\_\_ TFNO 2 \_\_\_\_\_ MAIL \_\_\_\_\_

SOLICITO a miña inscrición no LVI Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que se celebrará os días 29 de febreiro e 1 de marzo de 2020 na cidade de Vigo e declaro coñecer e aceptar integramente as bases do concurso. A inscrición solicítoa para a/as seguinte/s modalidade/s:

- Premio Especial "Cidade de Vigo".
- Premio Especial da Sociedade Española da Camelia (só no caso de que se presente a este concurso por primeira vez en Vigo)
- Premio especial Antonio Odriozola.
- Premio Presentación artística.
- Premio Camelia xaponica branca.
- Premio Camelia xaponica rosada ou doutras cores.
- Premio Camelia xaponica vermella.
- Premio Camelia xaponica xaspeada ou variegada.
- Premio Camelia reticulata .
- Premio Híbridos de Camelia.
- Premio Outras especies de Camelia.
- Presentación fóra de concurso

Marcar cunha x a superficie (en m2) total solicitada:

1 m2  3 m2  6 m2  9 m2  12 m2

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asinado \_\_\_\_\_

COMITÉ DE HONRA



## Concello de Vigo

### PRESIDENTA

S.M. Dona Leticia Raíña de España

### MEMBROS DO COMITÉ

D. Kenji Hiramatsu  
Embaixador do Xapón en España

D. Abel Caballero Álvarez  
Alcalde de Vigo

D. Carmela Silva Rego  
Presidenta da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra

D. Miguel Anxo Fernández Lores  
Alcalde de Pontevedra

D. Alberto Varela Paz  
Alcalde de Vilagarcía de Arousa

### PROGRAMA

Lugar:

Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo

Data:

29 de febreiro e 1 de marzo

### SÁBADO 29 DE FEBREIRO

Horario de apertura o público: 18:00 – 21:00

08:00: Colocación da exposición de Camelias por parte dos participantes. Vestíbulo.

13:00: Visita e deliberación do xurado do Concurso-Exposición Internacional da Camelia. Vestíbulo.

18:00: Inauguración por parte das autoridades. Vestíbulo.

### DOMINGO 1 DE MARZO

Horario de apertura o público: 10:00 – 21:00

11:00 Visita aberta á exposición. Vestibulo.

12:30 Entrega de Premios do LVI Concurso Exposición-Internacional da Camelia.

#### **14(76).- DEPURACIÓN SITUACIÓN XURÍDICA DA EDIFICACIÓN ANTIGO RECTORADO PARA A COMPRAVENDA AO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (IMBD 3.600) EXPTE. 20278/240.**

Visto o informe de fiscalización do 03/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 31/01/2020, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, por acordo de 3 de agosto de 2017, autorizou ao “Cronista Oficial da cidade”, D. Ceferino de Blas García, nomeado por resolución da Alcaldía de data 15.02.17, o uso temporal do despacho sito na 1ª planta do edificio municipal da rúa Areal n.º 46, desta cidade de Vigo.

En data 13.10.17 asinouse o contrato administrativo correspondente, no que constan, entre outras as seguintes condicións:

*1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso do despacho, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.*

*2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, polo usuario, ás actividades propias da súa condición de Cronista Oficial da Cidade, con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.*

*3º.- O prazo da autorización fíxase en catro anos, prorrogables por igual prazo, mediante acordo expreso desta Administración e previa a súa solicitude polo usuario feita cunha antelación de tres meses ó remate do prazo fixado.*

*4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.*

*5º.- O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor do usuario polo devandito .*

*8º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:*

- Polo trancurso do prazo outorgado.*
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.*
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia do cesionario.*



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, en sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2018, acordou aprobar o “Precontrato” entre o Concello e o CZFV para o alleamento a esta do edificio da rúa Areal e anexo, titulariedade do Concello.

Con carácter previo á enaxenación, a normativa local obriga a depurar a situación física e xurídica do inmovible.

**Terceiro.-** En data 11 de abril de 2019, o sr. Concelleiro delegado da Área de Patrimonio inica expediente e concede un trámite de audiencia polo prazo dez días a don Ceferino de Blas García, Cronista oficial da cidade, para que poida presentar alegacións, documentos e demais información que estime, con carácter previo a acordar, no seu caso, a revocación da autorización temporal para uso temporal do despacho sito na 1ª planta do edificio municipal da rúa Areal n.º 46

Non se teñen formulado alegacións.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAP).
- L39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL)

#### II.- Depuración do edificio

En base ao disposto nos artigos 89 e 90 LPAP, consta autorización temporal a prol do Cronista da cidade para ocupar unha parte da edificación respecto á cal a Xunta de Goberno local, a través dun precontrato, acordou transmitir ao CZFV. O acordo de enaxenación debe vir precedido da depuración física e xurídica do inmovible do inmovible, según establece o artigo 113 Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Compróbase no acordo de autorización a concurrencia dunha das circunstancias que habilitan ao Concello para extinguir a autorización antes de que expire o prazo da mesma.

O artigo 82 LPAC establece que instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poranse de manifesto aos interesados para que poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Concedido trámite de audiencia non se teñen formulado alegacións

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público.

De conformidade co exposto, fórmulase a seguinte

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Revocar a autorización temporal para uso temporal do despacho sito na 1ª planta do edificio municipal da rúa Areal n.º 46, desta cidade outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de agosto de 2017 a Ceferino de Blas García, Cronista oficial da cidade polos motivos expresados na presente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(77).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVICIOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA ESPECIALIZADA PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDIO DE ANÁLISE E VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO NA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 34078/220.**

Visto o informe xurídico do 29/01/2020 e o informe de fiscalización do 31/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/01/2020, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Organización Municipal, e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Conforme ao contexto da xestión pública do persoal, resultan incontestables os constantes cambios normativos en materia de réxime local e emprego público local, así como de réxime xurídico do sector público -contido na Lei 40/2015, do 1 de outubro- que producen a necesidade de analizar a actual configuración, dimensionamento, estruturas organizativas e funcionais e medios humanos, dixitais e materiais asignados ás Áreas -e servizos- existentes no Concello de Vigo.

Como consta na memoria xustificativa, resulta necesario efectuar unha diagnose da situación do colectivo da Policía Local dende unha perspectiva específica e especializada, que permita tomar coñecemento directo e detallado das áreas de mellora, das posibles disfuncións, debilidades e fortalezas internas; das propostas de actuación derivadas e da análise (APT) e valoración (VPT) dos postos de traballo existentes na plantilla policial, así como da realidade interna da mesma; de xeito tal que estímase necesaria a formalización dun contrato administrativo que permita a abordaxe do dito estudo, conforme ás prioridades determinadas pola Concellería-delegada da Área competente.

Considerando que, dado que a Policía Local constitúe un corpo único, con categorías legalmente definidas e funcións legalmente determinadas consonte ao establecido no artigo 51 e seguintes da LO 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, e 48-3 e demais concordantes da Lei 4/2007, do 12 de abril, de Coordinación das Policía Local de Galicia, en ningún caso poderá afectar o estudo obxecto do contrato negativamente á polivalencia característica dos membros do Corpo da Policía Local.

Aos efectos do obxecto do contrato, poden considerarse os criterios e esquemas organizativos utilizados noutros concellos de dimensión e características similares ás de





## Concello de Vigo

Vigo, ou outros servizos cos que poida establecerse algunha conexión ou comparación de utilidade, como o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS).

Visto o dito contexto, resulta necesario abordar un estudio riguroso de diagnose organizacional, a fin de efectuar unha análise de estruturas internas tendente á racionalización, mellora e simplificación funcional; así como á inaprazable modernización do desenvolvemento do traballo efectivo, en coherencia coas obrigas que tanto as Administracións Públicas como o persoal ao seu cargo teñen atribuídas polo marco legal vixente, co horizonte de modernizar e mellorar o contido das Áreas consonte ás necesidades do interese xeral -mellorando, en consecuencia, a xestión pública municipal dende a perspectiva organizativa interna- e consideradas as peculiaridades sectoriais que presentan concretos colectivos especializados.

A ausencia de medios municipais suficientes, cuantitativa e cualitativamente, que contén coa correspondente cualificación académica e técnica especializada e adecuada, así como coa preparación técnica idónea para a abordaxe dun proceso da complexidade, sectorialidade e alcance do estudio que se necesita realizar aconsella que proceda á contratación de empresa especializada en servizos de consultoría e asistencia especializada, con experiencia acreditada en procesos de APT e VPT en entidades de grande tamaño e en avaliación das singularidades propias dos postos de traballo nos servizos da Policía Local, e que conte, ademais, con consultores e expertos debidamente especializados na materia, cuxa traxectoria profesional e experiencia sexan contrastables, de xeito tal que a prestación intelectual que conforma o obxecto do contrato sexa da máxima calidade posible, en atención á singularidade das necesidades concorrentes na implementación do acordo plenario referenciado.

**Segundo.-** No expediente de contratación consta a documentación seguidamente relacionada:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada, onde se indican as finalidades da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato, de data 17/07/2019.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación, de data de sinatura electrónica, asinada pola Xefatura da Área de RRHH e a Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal o 08/11/2019.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares, de data de sinatura electrónica 17/01/2020, e declaración do redactor do mesmo de data 08/11/2019.
- d) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP, redactada polo servizo xestor de data de sinatura electrónica 17/01/2020.
- e) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, de data de sinatura electrónica 23/01/2020 (trámite 196 do expediente).
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado polo Servizo de Contratación de data de sinatura electrónica 29/01/2020 (trámite 224 do expediente).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 18/06/2019 e de 20/06/2019 ) aos concelleiros/as-delegados/as de Área.

**Segundo.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e consta memoria xustificativa elaborada pola Xefatura da Área de RRHH e Formación dos termos do contrato: a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato (artigo 112 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Terceiro.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación.

**Cuarto.-** Consta na memoria a xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente, o informe da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e informe preceptivo de fiscalización previa da proposta por parte da Intervención Xeral Municipal (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se proceda á emisión e conseguinte incorporación ao expediente electrónico os informes preceptivos indicados, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación simplificada de servizos de consultoría e asistencia especializada para a realización de estudo de análise e valoración de postos de traballo na policía local (expediente administrativo nº 34.078/220) cun orzamento base de licitación de 16.171,65 euros (dos que 13.365,00 euros correspondían ao prezo base e 2.806,65 ao IVE) para toda a duración do contrato.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 29/01/2020 (trámite 224 do expediente).

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por un importe de 16.171,65 euros (dos que 13.365,00 euros correspondían ao prezo base e 2.806,65 ao IVE) para toda a duración do contrato.



## Concello de Vigo

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 92012270600-"Estudios e traballos técnicos da Área de RRHH e Formación" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(78).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL DE RISCOS PSICOSOCIAIS NO SERVIZO DE FESTAS E REVISIÓN DA AVALIACIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS DO SERVIZO DE BOMBEIROS 2019-2020. EXPTE. 710/2202.**

Visto o informe de fiscalización do 28/01/2020, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/2020, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Organización Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a técnica de Prevención de Riscos Laborais do Servizo<sup>1</sup> Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo (en adiante SPPRL-CV), coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación emite informe da necesidade e idoneidade de contratar a prestación do servizo consistente na contratación dun Servizo de Prevención Alleo para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais no servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no servizo de Bombeiros do Concello de Vigo.

Con data 08/07/2019 a A Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo indicado no parágrafo anterior, e iníciase a tramitación do dito expediente (exp. 710/2202).

En data 31/10/2019 a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da adxudicación da contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no servizo de Bombeiros.

Segundo consta no acordo de Xunta de Goberno Local de data 31/10/2019 o prezo total do contrato é de 9.583,20 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.663,20 €, que de acordo co o establecido no punto 11 das FEC Réxime de Pagamento, que recolle que por cada

<sup>1</sup> Integrado na Área de RRHH e Formación, constituído por Decreto de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2004, en cumprimento do establecido no art. 31.- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, art.14.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención e seguindo a organización da xestión da prevención de riscos laborais establecida no Plan de Prevención do Concello de Vigo (aprobado en sesión plenaria de data 29 de novembro de 2010).

servizo prestado dos indicados no punto 3.G da FEC poderá presentar a factura correspondente conforme ao prezo estipulado coa aplicación da porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario. Tendo en conta o prezo do contrato, estes prezos unitarios son:

Para a primeira fase de contrato:

Nesta primeira parte realizaranse para cada servizo:

- Información presencial a responsables do servizo e delegados de prevención.
- Información presencial a traballadores do servizo.
- Aplicación de cuestionarios presenciais.
- Informe preliminar.

Total para a primeira fase de contrato avaliación servizo Festas: 629,88 €

Total para a primeira fase de contrato avaliación servizo Bombeiros: 2.519,53 €

Para a segunda fase de contrato:

Na segunda fase realizaranse para cada servizo:

- Entrevistas presenciais.
- Informe final.
- Díptico/tríptico explicativo.

Total para a segunda fase de contrato avaliación servizo Festas: 1.034,80 €

Total para a segunda fase de contrato avaliación servizo Bombeiros: 3.959,26 €

Para a terceira fase de contrato:

- Presentación de resultados a responsables do servizo e delegados de prevención (mediante charla presencial)
- Presentación de resultados a traballadores (mediante charlas presenciais)
- Presentación de resultados ao Comité de Seguridade e Saúde Laboral se o SPPRL-CV ou algunha das partes do comité o considera necesario.

Total para a terceira fase de contrato avaliación servizo Festas: 269,95 €

Total para a terceira fase de contrato avaliación servizo Bombeiros: 1.169,78 €

Segundo informe emitido pola técnica de prevención de riscos laborais, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación, de data 20/12/2019, tendo en conta o anterior, e que no 2019 solo era posible realizar a primeira fase do contrato, o reparto de anualidades era:

- 2019 - 3.149,41 euros (IVE incluído)
- 2020 - 6.433,79 euros (IVE incluído)

O servizo de Intervención emitiu os documentos económicos correspondentes a esta cantidade para 2019 (nº operación 201900074277)

Con todo, Quirón Prevención S.L., empresa adxudicataria do contrato, non presentou a factura correspondente á fase executada do contrato, xa que, segundo comunicaron, por motivos internos de reporting á matriz nacional e internacional, Quirón Prevención pecha a facturación o día 18 de Nadal, non sendo posible ningún cambio na facturación posterior a esa fecha, feito que non comunicaron ao Concello de Vigo, polo que se fai necesario o reaxuste das anualidades, pasando o total do prezo do contrato ao exercicio 2020.

Anualidades



## Concello de Vigo

- 2020: 9.583,20 € (IVE incluído)

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- De conformidade cos artigos 14 e 16 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais o Concello de Vigo debe garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo, e deberá realizar unha avaliación inicial dos riscos para a seguridade e saúde dos traballadores, que se revisará cando fose necesario.

2.- O expediente de contratación iníciase e tramítase de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

3.- En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 710/2202 ás necesidades reais.

A vista das anteriores circunstancias e previo o informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### **PROPOSTA:**

**Primeiro.**- Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Anualidades

- 2020: 9.583,20 € (IVE incluído)

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(79).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL A GUÍA”. EXPTE. 3792/443.**

Visto o informe de fiscalización do 31/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 20/01/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440". O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a "Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas" cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.

II.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite unha series de proxectos de obras redactados polos Arquitectos Municipais Juan Piñeiro e David Carvajal, entre os cales figura o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA".

III.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 03.07.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- A actuación desenrólase no campo de fútbol de A Guía e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederáse a retirada e acopio do material e mobiliario existente, para proceder a retirada do céspede e granulado de caucho. Posterior saneamento, nivelación e compactación do terreo existente, e aplicación de mezcla bituminosa unha vez preparada a base, colocarase o pavimento deportivo céspede artificial composto de base elástica prefabricada e acabado de céspede artificial.
- Renovación de sistemas de alumeado, para a mellora de eficiencia enerxética.
- Instalación de caldeira de biomasa para a produción de auga quente, mediante unidades modulares que conteñen caldeira, silo, interacumulador, cos seus correspondentes sistemas hidráulicos e cadros de manobra.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 60 días.

VII- Con data 05.08.19 remítese o proxecto á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co obxecto de solicitar autorización desa Administración para realizar obras na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, que remite resolución favorable en data 19.11.19, co seguinte condicionado:

"OUTORGAR ao Concello de Vigo a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre para a realización de



## Concello de Vigo

obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía, afectado parcialmente pola zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (dpmt), no Concello de Vigo, provincia de Pontevedra; segundo o “Proxecto básico e de execución para renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía”, de marzo de 2018, e plano IOr de setembro de 2019, asinado polos arquitectos municipais David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luís Piñeiro Ferradás; coas seguintes condicións:

1. Durante a execución das obras deberanse adoptar as medidas necesarias tanto para garantir a integridade do dpmt e as súas zonas de servidume – con especial atención a evitar o vertedura de materiais contaminantes co medio natural –, como a seguridade de persoas e bens, balizando e sinalizando convenientemente a zona de traballo e adoptando as medidas de seguridade e hixiene aplicables a este tipo de actuacións.
2. As obras autorizadas deberán iniciarse nun prazo máximo de catro (4) meses, e deben quedar finalizadas nun prazo de dous (2) anos. Unha vez transcorrido o dito prazo quedará sen efecto esta autorización, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei de costas.
3. A presente autorización outórgase sen prexuízo das demais autorizacións esixidas por outras disposicións, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

VII.- Á vista da resolución da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, os Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo remiten novo proxecto con data de sinatura dixital 17.12.19, no que se inclúe plano de situación coa nova localización da caseta na que se sitúa a instalación térmica e a disposición proposta.

VIII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 18.12.2019 informe sinalando o seguinte:

“Dispón de autorización da Consellería de Medio Ambiente e Territorio de data 19/11/2019, referente a súa ubicación en zona de protección do dominio público marítimo terrestre. Xustifícase no apartado 1.3.2 do proxecto a súa adecuación a normativa urbanística, a súa vez o I.O.P., con aprobación definitiva non altera as condicións urbanísticas do PXOU/93.

### CONCLUSIÓN:

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descriptiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Polo que o proxecto presentado, define as obras a executar e as mesmas con este documento poden ser executadas.“

XIX.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 3420 “Instalacións deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (INVEST.MELL.CAMPOS FUTBOL COF.DEPUTACION).

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE A GUÍA”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E UN MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS





## Concello de Vigo

(341.943,53 Euros) e sinatura dixital de data 17 de decembro de 2019.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(80).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”. EXPTE. 360/441.**

Visto o informe xurídico do 28/01/2020 e informe de fiscalización do 31/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/01/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

**2º.-** Para levar a cabo esta actuación a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24.05.2019, acordou aprobar o expediente de contratación mixta a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do proxecto de “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”.

**3º.-** En virtude dos antecedentes descritos e para a realización do servizo obxecto deste expediente, emítase informe de necesidade e idoneidade da contratación do Servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras do proxecto de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”, asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas, ao abeiro do

cal, en data 7 de novembro de 2019, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do citado expediente de contratación.

**4º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas en data 06.11.2019, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 07.11.19.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 10.01.2020.
- d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en datas 13 e 14 de xaneiro de 2020.
- e) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 20 de xaneiro de 2020.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 28 de xaneiro de 2020.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 da LCSP, a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA”**.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 10.01.2020.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 28.01.2020.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CATROCENTOS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS** (400.868,16 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 69.572,16 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539.619.0003 (DUSI PORTA DO SOL, OT4/OT6).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	128.500,00 €
2021	272.368,16 €
TOTAL	400.868,16 €

**Quinto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que

aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 211,96%.

**Sexto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(81).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS”. EXPTE. 431/441.**

Visto o informe xurídico do 28/01/2020 e informe de fiscalización do 30/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/01/2020, asinado polo xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** Co fin de dar cobertura á nova Estación Intermodal e o Centro Vialia, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou a tramitación do Proxecto Integrador da Intermodal de Vigo promovido por Adif- Alta Velocidade no marco da Lei 3/2016, por consideralo un proxecto público de urxencia ou de excepcional interese desconforme coa formulación urbanística. Dentro do trámite de información pública, o Concello de Vigo propuxo unha mellora dos accesos ao Centro Vialia e á nova Estación de autobuses. Co obxecto de integrar esta proposta de accesos no proxecto integrador, Adif presentou unha Adenda que se incorporou ao expediente.

Con data 12 de outubro de 2017, a Subdirección Xeral de Explotación da Dirección Xeral de carreteras do Ministerio de Fomento emitiu informe sobre o Proxecto integrado do centro Vialia, estación de Vigo e terminal de autobuses no que instaba a redacción do correspondente proxecto de trazado que conteña o correspondente estudo de tráfico, en cumprimento do artigo 36.9 da Lei 37/2015, de Carreteras e do apartado Quinto da Orde FOM/2873/2007.

De conformidade cos requisitos establecidos na Lei 3/2016, o proxecto integrador foi sometido a avaliación ambiental simplificada que concluíu con Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 14 de setembro de 2017.

**2º.-** En data 31 de maio de 2018, asinouse Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidad para a execución das obras dos accesos e nova vialidad urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo, co obxecto de establecer e concretar o réxime de colaboración entre as entidades asinantes para a execución e financiamento das



## Concello de Vigo

obras relativas aos accesos viarios rodados, desde a Autoestrada AP-9 e a Rúa Lepanto á futura Estación Intermodal, e resto de vialidade colindante coa mesma.

No citado convenio, contemplase na súa cláusula segunda, unha proposta de actuacións para a Remodelación do enlace do P.K. 5+000 da Autoestrada AP-9V no que consta unha actuación en diferentes tramos (Ramal de Conexión Estación de Autobuses coa AP-9, túnel saída Rúa Lepanto a AP-9, conexión da AP-9 con Centro-Vialia así como as instalacións e balizamentos dos mesmos).

Na cláusula sexta establécense os compromisos do Concello de Vigo o cal asume, entre outros compromisos, licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras do proxecto de Construción de Conexión Túnel Lepanto AP-9, demolición do paso elevado da Rúa Lepanto, así como as instalacións e balizamentos . Adif pola súa parte comprométiase a licitar, adxudicar, executar e dirixir as obra de conexión da AP-9 co Centro Vialia.

**3º.-** Reunida a Comisión de Seguimento do citado Convenio, constituída ao amparo da cláusula sétima do mesmo en diferentes sesións adoptan unha serie de acordos que se poden resumir no que afecta ao presente expediente nos seguintes:

a.- Sesión de data 05.11.2018:

- O Concello de Vigo licitará conxuntamente as obras de accesos que teñen encomendadas no Convenio o propio Concello e ADIF Alta Velocidad, así como as asistencias técnicas de dirección facultativa correspondentes.

b.- Sesión de data 19.06.2019:

- Actualízanse as anualidades do acordo coa programación máis actualizada das obras e actualízanse os custes económicos que comprenden a execución dos accesos e a nova vialidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo de acordo co orzamento definitivo dos proxectos de execución incluíndo as actuacións consensuadas.

c.- Sesión de data 24.07.2019

- Se aceptan os alcances dos proxectos, establécese a forma de pago entre administracións e acórdase plasmar nunha adenda ao Convenio os acordos alcanzados

d.- Sesión de data 02.09.2019

- Por parte de cada administración iníciase a tramitación correspondente da Adenda ao Convenio, unha vez consensuada a mesma.

O Concello de Vigo está a tramitar a aprobación da devandita da Adenda no expediente 323/403.

**4º.-** Para levar a cabo as actuacións obxecto do expedientes, presentase por ADIF ALTA velocidade, en cumprimento dos compromisos do convenio, proxecto de "REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V", promovido pola Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidade e o Concello de Vigo, redactado pola empresa PROYFE S.L. e asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos David Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de ONCE MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E TRES MIL CATROCENOS CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (11.843.404,33 €) e data setembro 2019.

Previos informes técnicos e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución, o antedito proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de data 10.10.2019. (Expte.4414/443).

**5º.-** En data 31.10.2019 A Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V”, subscrito polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos D. David Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de ONCE MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E TRES MIL CATROCIENTOS CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (11.843.404,33 €) e de data setembro de 2019.

**6º.-** En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 5 de decembro de 2019, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario , ao abeiro do cal, en data 19 de decembro de 2019, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Xefe de Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario en data 5.12.2019, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 19.12.19.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 14.01.2020.
- d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 28.01.2020.
- e) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 28.01.2020.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de contratación en data 28.01.2020.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non



## Concello de Vigo

é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIONES Y BALIZAMIENTOS”**.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 14.01.2020

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 28.01.2020.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“CENTO VINTE MIL DOUSCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS” (120.202,85 eur)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 20.861,65 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.609.00.90 (2a ANULIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	69.646,94 €
2021	50.555,91 €
TOTAL	120.202,85 €

**Quinto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 72,59%.

**Sexto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(82).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O “ESTUDO E ANÁLISE TÉCNICA DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS VINCULADOS Á REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 336/441.**

Visto o informe de fiscalización do 28/01/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 22/01/2020, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441)





## Concello de Vigo

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos SERVIZOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O “ESTUDO E ANÁLISE TÉCNICA DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS VINCULADOS Á REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO CONCELLO DE VIGO”.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 25.09.2019.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.09.2019*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO VINTE E UN MIL CIENTO VINTE E CATRO EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (121.124,53 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 21.021,61 € €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1610.227.0600 (ESTUDOS E CONTROIS SERVIZO AUGA E ABASTECIMENTO).*

*Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:*

2019	50.000,00 €
2020	71.124,53 €

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de xaneiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando dentro do prazo concedido para o efecto.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441) na seguinte orde descendente:*

Licitadores	Puntuación total
-------------	------------------

1	SERYE INGENIEROS, S.L.	99,40
2	ECOSISTEMAS 2000 SL	74,80

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERYE INGENIEROS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERYE INGENIEROS, S.L., o día 8 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 14 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERYE INGENIEROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERYE INGENIEROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 e 30 de decembro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das seguintes exclusións:*
  - *Exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de decembro de 2019 de INGEAGUA, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor (apartado 7A do Anexo I -FEC-do PCAP).*
  - *Exclusión acordada por resolución da concelleira delegada de Contratación o 8 de xaneiro de 2020 de PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas dentro do prazo concedido para o efecto.*
  
2. *Adxudicar a SERVE INGENIEROS, S.L. (B-70.543.012) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441) por un prezo total de 103.191,98 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.909,35 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(83).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 2922/449.**

Visto o informe de fiscalización do 28/01/2020, dáse conta do informe-proposta de data 22/01/2020, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **A) ANTECEDENTES**

PRIMEIRO: Na data 23 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal.

SEGUNDO: Na data 14 de xuño de 2017 foi asinado o contrato entre o Concello de Vigo e a empresa concesionaria EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A

TERCEIRO: Na data 8 de decembro de 2018 inicio a súa actividade a citado aparcadoiro, trala aprobación e execución do correspondente proxecto de obra e acondicionamento do aparcadoiro.

## B) SOLICITUDE DE REVISIÓN TARIFARÍA

Na data 11 de outubro de 2019, D. Carlos Alberto Baña Neira en representación da empresa EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736 solicita a revisión de tarifas do aparcadoiro da praza de Portugal, manifestando que de conformidade coa fórmula polinómica contida no prego de condicións administrativas particulares que rexe a concesión, corresponde un incremento de 3,1% das tarifas actualmente en vigor . Consultado o prego de condicións administrativas particulares aprobado na Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2015 e que rexe a concesión, comprobouse o seguinte:

Na Cláusula 7ª do prego de prescricións administrativas particulares relativa ao canon concesional, nos nº 3 e 4, se establece:

3.- O canon proposto na oferta do licitador do contrato adxudicado, estará vixente sen revisión dende a data de adxudicación ata o 31 de decembro do ano seguinte ao que se inicie o servizo.

4.- O importe do canon será obxecto de revisión anual a partir do día seguinte á data prevista no apartado anterior, conxuntamente coas tarifas e na mesma porcentaxe, aplicándose a fórmula de revisión prevista na cláusula 8.3 deste prego.

As revisións autorizaranse por acordo da Xunta de Goberno Local.

E na Cláusula 8.3 do citado prego de prescricións administrativas particulares se establece a fórmula de actualización de tarifas e do canon :

a) A actualización das tarifas ou do canon require a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Para a actualización se empregará a seguinte fórmula:

$$\boxed{[(T - t)K_t] \times (1 + y)}$$

T= Tarifa aplicable ao usuario, I.V.E. Incluído.

t= Cota tributaria do IVE.

K<sub>t</sub> = Factor de revisión do contrato.

Y= Tipo impositivo aplicable á operación.

Os índices específicos cuxas variacións serán de aplicación as respectivas ponderacións, serán os seguintes:

- Salarios.- Nivel salarial correspondente ao traballador coa categoría "axente de aparcadoiro" recollidos no apartado letra c.2 do artigo 39 do Convenio Colectivo Xeral de Ámbito Nacional para o Sector Aparcamientos e Garaxes (BOE 31/08/2009).
- Enerxía.- Índice oficial do custo da enerxía eléctrica.
- Conservación e mantemento da maquinaria e equipos.- Índice oficial do custo do cobre.
- Mantemento e conservación de edificios.- Índice oficial do custo do cemento.

E o **factor de revisión** calcularase consonte a seguinte fórmula:

$$K_t = \frac{0,40 \times M_t}{\dots} + \frac{0,04 \times E_t}{\dots} + \frac{0,05 \times C_{ut}}{\dots} + \frac{0,03 \times C_t}{\dots} + 0,48$$



## Concello de Vigo

Onde,  $M_o$   $E_o$   $C_{uo}$   $C_o$

Kt= Factor de revisión resultante.

M= Salarios convenio nacional.

E= Índice custo enerxía eléctrica.

Cu= Índice custo cobre.

C= Índice custo cemento.

Os subíndices  $_t$  y  $_o$  correspóndense coa situación do factor no momento da revisión ou execución e no de licitación, respectivamente.

Os índices a aplicar son os seguintes:

	outubro 2015	setembro 2018 ( últimos publicados )
M mano de obra	14007,530	14604,030
E enerxía	78,703	99,405
Cu cobre	85,647	91,464
C. cemento	100,145	99,429

$$K_t = \frac{0,40 \times 14604,030_t}{14007,530_o} + \frac{0,04 \times 99,405_t}{78,703_o} + \frac{0,05 \times 91,464_t}{85,647_o} + \frac{0,03 \times 99,429_t}{100,145_o} + 0,48$$

Kt =1,031

Polo que as tarifas resultantes serian as seguintes :

Aplicando o mesmo porcentaxe ao canon inicial ofertado (118,000 €), de conformidade co disposto na cláusula 7. nº 4 do prego de prescricións administrativas particulares, supón un canon de 121.658 €

Concepto	Tarifas oferta	Tarifa sen IVE	KT	Nova tarifa sen IVE	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVE incl.)	0,0276 €	0,0228 €	1,031	0,0235	0,0284 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min. (IVE incl.)	0,0274 €	0,0226 €	1,031	0,0233	0,0282 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min. (IVE incl.)	0,0090 €	0,0074 €	1,031	0,0077	0,0093 €
Importe abono diurno automóbil residente (IVE incl.)	79,26 €	65,5036 €	1,031	67,5170	81,70 €
Importe abono nocturno automóbil residente (IVE incl.)	66,00 €	54,5455 €	1,031	56,2220	68,03 €
Importe abono 24 h. automóbil residente (IVE incl.)	94,92 €	78,4473 €	1,031	80,8585	97,84 €
Importe abono diurno motocicleta residente (IVE incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,031	1,7037	2,06 €
Importe abono nocturno motocicleta residente (IVE incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,031	1,2778	1,55 €
Importe abono 24 h. motocicleta residente (IVE incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,031	2,6407	3,20 €
Importe abono diurno automóbil xeneral (IVE incl.)	6,00 €	4,9624 €	1,031	5,1149	6,19 €
Importe abono nocturno automóbil xeneral (IVE incl.)	5,00 €	4,1322 €	1,031	4,2592	5,15 €
Importe abono 24 h. automóbil xeneral (IVE incl.)	7,19 €	5,9430 €	1,031	6,1256	7,41 €
Importe abono diurno motocicleta xeneral (IVE incl.)	2,00 €	1,6529 €	1,031	1,7037	2,06 €
Importe abono nocturno motocicleta xeneral (IVE incl.)	1,50 €	1,2397 €	1,031	1,2778	1,55 €
Importe abono 24 h. motocicleta xeneral (IVE incl.)	3,10 €	2,5620 €	1,031	2,6407	3,20 €

Polo exposto sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local, Órgano competente para a aprobación da revisión de tarifas de conformidade co disposto na vixente lexislación en materia contractual, o seguinte :

ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. con CIF A-78320736, a revisión das tarifas a aplicar no aparcadoiro da praza de Portugal, como concesionario do mesmo, sendo as tarifas máximas a aplicar as seguintes:



## Concello de Vigo

Concepto	Nova tarifa con IVE
Tarifa minuto máxima en rotación (IVE incl.)	0,0284 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <60 min. (IVE incl.)	0,0282 €
Tarifa minuto máxima en rotación para estancias <15 min. (IVE incl.)	0,0093 €
<b>A</b> Importe abono diúrno automóbil residente (IVE incl.)	81,70 €
<b>A</b> Importe abono nocturno automóbil residente (IVE incl.)	68,03 €
Importe abono 24 h. automóbil residente (IVE incl.)	97,84 €
Importe abono diúrno motocicleta residente (IVE incl.)	2,06 €
Importe abono nocturno motocicleta residente (IVE incl.)	1,55 €
<b>2:</b> Importe abono 24 h. motocicleta residente (IVE incl.)	3,20 €
<b>T</b>	
<b>P</b> Importe abono diúrno automóbil xeneral (IVE incl.)	6,19 €
<b>T</b> Importe abono nocturno automóbil xeneral (IVE incl.)	5,15 €
<b>C</b> Importe abono 24 h. automóbil xeneral (IVE incl.)	7,41 €
<b>co</b> Importe abono diúrno motocicleta xeneral (IVE incl.)	2,06 €
<b>M</b> Importe abono nocturno motocicleta xeneral (IVE incl.)	1,55 €
<b>o</b> Importe abono 24 h. motocicleta xeneral (IVE incl.)	3,20 €

### I.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 22/02/2018, na súa calidade de órgano de contratación acordou adxudicar a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. (C.I.F. B-36179299), o contrato de servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (79712-250) seguido por procedemento aberto e tramitación ordinaria; por un prezo total de 200.000,00 euros sendo a cota correspondente ao IVE de 18.181,82 euros (tipo actual IVE 10%), cunha baixa única do 12,50% sobre todos os prezos unitarios que figuran no Anexo I do PPT.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 22/03/2018, consta na Cláusula Cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 23 de marzo de 2018.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 23 do RD lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrencia para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso, non constando oposición. O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de unha prórroga cunha duración dun ano.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe propor a prórroga do contrato de servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras por un período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 23 de marzo de 2.020 ao 22 marzo de 2.021, sendo que o prezo anual ascende a un total de cen mil euros (100.000 euros) sendo a cota correspondente ao IVE de nove mil noventa euros e noventa e un céntimos (9.090,91 euros).

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.2100000 622 “Conservación de Vías e Espacios públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.020.-período comprendido entre o 23 de marzo de 2.020 e 31 de decembro de 2.019: 77.808,22 euros.
- Ano 2.021- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.021 e 22 de marzo de 2.021: 22.191,78 euros.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (79712-250),





## Concello de Vigo

formalizado coa entidade mercantil GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. polo período comprendido desde o 23 de marzo de 2.020 ata o 22 marzo de 2.021.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras Concello de Vigo (79712-250) a favor da entidade mercantil GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. (C.I.F. B- 36179299) por importe de CEN MIL EUROS (100.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de nove mil noventa euros e noventa e un céntimos (9.090,91 euros); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.2100000 622 -"Conservación de Vías e Espazos públicos", segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.020.-período comprendido entre o 23 de marzo de 2.020 e 31 de decembro de 2.019: 77.808,22 euros.
- Ano 2.021- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.021 e 22 de marzo de 2.021: 22.191,78 euros.

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(85).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 8922/336.**

Visto o informe xurídico do 22/01/2020 e o informe de fiscalización do 23/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/01/2020, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude eo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Dende a Concellería de Xuventude, con data 29 de agosto de 2019, xustifícase a necesidade e idoneidade da contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico. O 28 de outubro dese mesmo ano elabórase a primeira memoria xustificativa do contrato e o 29 de outubro o primeiro PPT os cales por indicacións do departamento de contratación é necesario corrixir en varias ocasións adecuando e xustificando debidamente os diferentes criterios de valoración a lei de LCSP.

O 21 de xaneiro do presente ano incorpórase ao expediente 8922-336 a memoria xustificativa definitiva así como o PPT que rexera o presente contrato.

Con data 22 de xaneiro o servizo de Contratación incorpora ao expediente o prego de cláusulas administrativas.

O procedemento a empregar na contratación do servizo será o aberto con múltiples criterios de adxudicación e a tramitación ordinaria.

Asesoría Xurídica informará que o expediente axústase á legalidade, sen prexuízo do informe de fiscalización da Intervención Xeral

As características máis destacadas do contrato son as seguintes:

- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 377.888,04 euros
- APLICACIÓN ORZAMENTARIA:** 3370 2279901 e bolsa de vinculación xurídica
- PRAZO TOTAL:** 3 anos
- PRÓRROGA DO CONTRATO :**2 prórrogas dun ano de duración cada unha.
- Anualidades con IVE incluído.**

<b>ANO</b>	<b>EUROS</b>
2020	80.158,07 euros
2021	125.962,68 euros
2022	125.962,68 euros
2023	45.804,61 euros

Por todo elo , **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

“1º.- Autorizar o gasto de 377.888,04 euros para a contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico , que se imputará á partida presupostaria 3370.2279901 e a súa bolsa de vinculación,coa seguinte distribución presupostaria:

<b>ANO</b>	<b>EUROS</b>
2020	80.158,07 euros
2021	125.962,68 euros
2022	125.962,68 euros
2023	45.804,61 euros

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do presente servizo polo Concello de Vigo, de data 22 de xaneiro de 2020 , así como o prego de prescricións técnicas da data 20 de xaneiro de 2020.



## Concello de Vigo

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación ordinaria” .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA A CARGO DO GRUPO ESPAÑOL “KETAMA” CON MOTIVO DO PROGRAMA “ENTROIDO 2020”. EXPEDIENTE 8411/335.
- .- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CANTANTE “SORAYA” CON MOTIVO DO PROGRAMA “ENTROIDO 2020”. EXPEDIENTE 8410/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **24(86).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA A CARGO DO GRUPO ESPAÑOL “KETAMA” CON MOTIVO DO PROGRAMA “ENTROIDO 2020”. EXPEDIENTE 8411/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 4/02/2020 e o informe de fiscalización do 5/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/2020 asinado pola xefa do Servizo de

Festas, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **Primeiro.- ANTECEDENTES**

**1.-** O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “Entroido 2020”, que conleva a contratación de actuacións artísticas que costuman ter lugar na Porta do Sol. Por este motivo e como consecuencia da resolución do decreto da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo de data 28 de xaneiro de 2020, relativo á composición dos concertos do programa “Entroido 2020” (expte. 8408/335), resolveuse a contratación do espectáculo do grupo artístico “KETAMA”, a celebrar na Porta do Sol o día 22 de febreiro de 2020. A proposta foi presentada á concelleira delegada da Área de Festas e Turismo o día 10/01/2020 pola empresa Categórica Producciones SL, que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

**2.-** Con data 20 de xaneiro de 2020, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística de “KETAMA” por un importe total de 35.850,00 euros, incluído rider técnico, máis IVE (que fai un total de 43.378,50 euros), e solicita a confirmación da data de actuación o 22 de febreiro e o documento que acredite que Categórica Producciones SL ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación do grupo “KETAMA”, na súa condición de promotor en Vigo, na Porta do Sol, dentro do programa Entroido 2020 (documento anexado no trámite nº 5 do expediente).

**3.-** Postos en contacto coa empresa CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL, CIF B-27.778.141, esta confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación do grupo, e achégaa a través do rexistro electrónico municipal o 27/01/2020. En documento de 15 de xaneiro de 2020, D. Juan Casero Rodríguez, en representación da entidade EL POZO DEL DESEO AIE, asina o documento onde afirma que EL POZO DEL DESEO AIE ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación do grupo “KETAMA” na cidade de Vigo o 22 de febreiro de 2020 e que autoriza en exclusiva a CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL para organizar na súa condición de promotor do concerto do citado grupo na Porta do Sol na data xa citada (documento anexado no trámite nº 6 do expediente).

**4.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en data 28 de xaneiro de 2020, a xefa do Servizo de Festas, coa conformidade da concelleira delegada de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo do grupo español “KETAMA” a celebrar o día 22 de febreiro de 2020, na Porta do Sol, con motivo do Programa “Entroido 2020”.

**5.-** Con data 28 de xaneiro de 2020, a concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo “KETAMA” a celebrar o día 22 de febreiro, na Porta do Sol, con motivo do Programa “Entroido 2020”.

**6.-** Con data 31 de xaneiro de 2020, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola xefa do Servizo de Festas.



## Concello de Vigo

**7.-** Con data 31 de xaneiro de 2020, a xefa do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, documento que é conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo.

**8.-** Con data 31 de xaneiro de 2020, redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

**9.-** O orzamento base de licitación co IVE incluído ascende a 43.378,50 euros, correspondendo 7.528,50 euros ao IVE, e podería imputarse á aplicación 3380.227.9906 (Organización do Entroido) do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

### **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado mediante Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

### **Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación iníciase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos concelleiros de área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno local de 20 de xuño de 2019. Constan ademais a memoria xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Festas e pola concelleira delegada, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola concelleira delegada, e

o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, a xefa do Servizo de Festas, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación consistente na celebración do espectáculo musical a cargo do grupo “KETAMA” a celebrar o día 22 de febreiro na Porta do Sol, con motivo do Programa “Entroido 2020”.

**Cuarto:** A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da Lei 9/2017. O contrato ten a consideración de contrato privado, de acordo ao disposto no artigo 25.1.a da devandita lei. O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a.2º da Lei 9/2017, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

**Quinto:** Ao expediente se incorporará o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente o expediente para a súa aprobación.

**Sexto:** A competencia para a aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, ao amparo da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017. Consonte ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

**“Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo do grupo español “KETAMA”, a celebrar o día 22 de febreiro de 2020, as 22:30 horas na Porta do Sol, con motivo do Programa “Entroido 2020” (expediente 8411/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 31 de xaneiro de 2020, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 31 de xaneiro de 2020, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

**Segundo.-** Autorizar un gasto por un importe total de 43.378,50 euros (dos cales 7.528,50 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.227.9906 (Organización do Entroido) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **25(87).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CANTANTE “SORAYA” CON MOTIVO DO PROGRAMA “ENTROIDO 2020”. EXPEDIENTE 8410/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 4/02/2020 e o informe de fiscalización do 5/02/2020, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/2020 asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Primeiro.- ANTECEDENTES**

1.- O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de “Entroido 2020”, que conleva a contratación de actuacións artísticas que costumaban ter lugar na Porta do Sol. Por este motivo e como consecuencia da resolución do decreto da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo de data 28 de xaneiro de 2020, relativo á composición dos concertos do programa “Entroido 2020” (expte. 8408/335), resolveuse a contratación do espectáculo da artista “SORAYA”, a celebrar na Porta do Sol o día 21 de febreiro de 2020. A proposta foi presentada á concelleira delegada da Área de Festas e Turismo o día 10/01/2020 pola empresa Categórica Producciones SL, que ademais afirmaba ter unha data en exclusiva para a cidade de Vigo.

2.- Con data 20 de xaneiro de 2020, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo comunica mediante escrito o interese do Concello de Vigo na contratación da actuación artística de “SORAYA” por un importe total de 30.850,00 euros, incluído rider técnico, máis IVE (que fai un total de 37.328,50 euros), e solicita a confirmación da data de actuación o 21 de febreiro e o documento que acredite que Categórica Producciones SL ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación da artista “SORAYA”, na súa condición de promotor en Vigo, na Porta do Sol, dentro do programa Entroido 2020 (documento anexado no trámite nº 5 do expediente).

3.- Postos en contacto coa empresa CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL, CIF B-27.778.141, esta confirma a posesión da exclusividade artística para a actuación da cantante, e achégaa a través do rexistro electrónico municipal o 27/01/2020. En documento de 14 de xaneiro de 2020, Dña. María Fernanda Díaz Bubis, en representación da empresa SUSPIRIA SL, asina o documento onde afirma que SUSPIRIA SL ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación da artista “SORAYA” na cidade de Vigo o 21 de febreiro de 2020 e que autoriza en exclusiva a CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL para organizar na súa condición de promotor do concerto da citada cantante na Porta do Sol na data xa citada (documento anexado no trámite nº 6 do expediente).

4.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en data 28 de xaneiro de 2020, a xefa do Servizo de Festas, coa conformidade da concelleira delegada de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación consistente na celebración dun espectáculo musical a cargo da artista española “SORAYA” a celebrar o día 21 de febreiro de 2020, na Porta do Sol, con motivo do Programa “Entroido 2020”.

5- Con data 28 de xaneiro de 2020, a concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación consistente na celebración do espectáculo musical a cargo da artista "SORAYA" a celebrar o día 21 de febreiro, na Porta do Sol, con motivo do Programa "Entroido 2020".

6.- Con data 31 de xaneiro de 2020, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola xefa do Servizo de Festas.

7.- Con data 31 de xaneiro de 2020, a xefa do Servizo de Festas asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, documento que é conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo.

8.- Con data 31 de xaneiro de 2020, redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

9.- O orzamento base de licitación co IVE incluído ascende a 37.328,50 euros, correspondendo 6.478,50 euros ao IVE, e podería imputarse á aplicación 3380.227.9906 (Organización do Entroido) do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe o seus dereitos.

## **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado mediante Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

## **Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.





## Concello de Vigo

**Segundo:** O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos concelleiros de área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno local de 20 de xuño de 2019. Constan ademais a memoria xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Festas e pola concelleira delegada, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola concelleira delegada, e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, a xefa do Servizo de Festas, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación consistente na celebración do espectáculo musical a cargo da artista "SORAYA" a celebrar o día 21 de febreiro na Porta do Sol, con motivo do Programa "Entroido 2020".

**Cuarto:** A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da Lei 9/2017. O contrato ten a consideración de contrato privado, de acordo ao disposto no artigo 25.1.a da devandita lei. O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a.2º da Lei 9/2017, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista.

**Quinto:** Ao expediente se incorporará o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente o expediente para a súa aprobación.

**Sexto:** A competencia para a aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, ao amparo da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017. Consonante ao estipulado no artigo 117 da citada lei, a resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**"Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da actuación artística a cargo da cantante española "SORAYA", a celebrar o día 21 de febreiro de 2020, as 20:30 horas na Porta do Sol, con motivo do Programa "Entroido 2020" (expediente 8410/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 31 de xaneiro de 2020, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 31 de xaneiro de 2020, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

**Segundo.-** Autorizar un gasto por un importe total de 37.328,50 euros (dos cales 6.478,50 euros corresponden ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.227.9906 (Organización do Entroido) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(88).-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez